

ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2013.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do d3a **vinte e oito de novembro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporaci3n en primeira convocatoria de sesi3n ordinaria.

A S I S T E N:

Don 3ngel Benito Curr3s Fern3ndez, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Mar3a de los Reyes Leis Rodr3guez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona Mar3a de los Ojos Grandes Pardo Vald3s.
Dona Mar3a Amelia Gonz3lez Brandariz.
Don Jos3 Lu3s Garc3a Bello.
Don Juan Jos3 de la Fuente Fuentes.
Dona Mar3a Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adri3n Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Dom3nguez Iglesias.
Don Lu3s Mejjide Rodr3guez.
Don Jos3 Mar3a Rosende Rico.
Dona Mar Mart3n Garc3a.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Ros3n Ferreiro.
Dona Marta Alv3rez-Santullano Fern3ndez-Trigales.
Don Francisco Reyes Santi3s.
Don Gonzalo Mui3os S3nchez.
Don Jos3 A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los 3ngeles G3mez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rub3n Cela D3az.
Dona Elvira Cienfuegos L3pez.
Don Rafael Xes3s Vilar Gonz3lez.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2013.**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria e urxente do día 4 de novembro de 2013.**
- 3. Dar conta da información recibida no Concello en relación ás preferentes.**
- 4. Proposta da Alcaldía para designar co nome de “Saxo Tenor” unha praza no Barrio de Vista Alegre.**
- 5. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan especial de reforma interior de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro na rúa do Valiño (números 25 a 31).**
- 6. Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.**
- 7. Aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.**
- 8. Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 1.047.504,90 euros.**
- 9. Proposición do grupo municipal do BNG relativa á prestación dun servizo de calidade nas escolas infantís.**
- 10. Dar conta de informe de morosidade correspondente aos tres primeiros trimestres do ano 2013.**
- 11. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 13. Rogos e preguntas.**

14. Toma en consideración de mocions presentadas polos grupos municipais.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2013 (acta núm. 14/2013).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 4 de novembro de 2013 (acta núm. 15/2013).

3. DAR CONTA DA INFORMACIÓN RECIBIDA NO CONCELLO EN RELACIÓN ÁS PREFERENTES.

Expón o Sr. Alcalde que neste punto engádese á documentación a solicitude de participación no debate de Dona María Carmen Chorén, Don Manuela Vázquez Brollón e Don Xesús Domínguez Domínguez. De conformidade co resultado da reunión da xunta de voceiros acéptase unha única intervención, ó abeiro do que dispón o artigo número 10 do Regulamento de Participación, por un tempo máximo de cinco minutos, por tanto prega que decidan quen vai intervir en primeiro lugar.

Prosegue a súa exposición o Sr. Alcalde explicando que no pleno de 21 de marzo do presente ano se toma o acordo de solicitar información en relación coas participacións preferentes. O acordo da Corporación foi trasladado no mes de abril á Xunta, á Subdelegación de Goberno e ó Instituto Galego de Consumo. Con posterioridade se solicita de novo o 5 de xuño información sobre o asunto de referencia á Presidenta do Instituto Galego de Consumo, e o 18 de xuño, por correo electrónico dende a Alcaldía se formula á xerencia do Instituto Galego de Consumo unha nova petición de información. O 22 de novembro vólvese a solicitar e recíbese esta semana mesma a información..

Eu, Secretario do Pleno, dou lectura á información recibida, do seguinte xeito:

“En contestación ao escrito dese Concello recibido no Instituto Galego de Consumo o 22 de novembro de 2013, solicitando determinada información en relación ás reclamacións presentadas pola comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco, SA referidas ao citado concello, lle comunico que, en

total, foron presentadas 1.760 solicitudes de arbitraje das que 992 foron aceptadas por NCG Banco S.A. co fin de resolver as mesmas a través do sistema arbitral de consumo.

Aínda que na actualidade está pechada a vía arbitral, desde a Xunta de Galicia se lle trasladou a NCG Banco SA, como unha nova oportunidade, que en vía xudicial se puidesen chegar a acordos sen ter que seguir todo o proceso xudicial polos reclamantes.

NCG Banco aceptou esta proposta respecto á oportunidade de chegar a acordos en vía xudicial, informando que, tras unha análise individualizada, NCG Banco propoñerá acordos aos clientes que demostran coa documentación presentada nas súas demandas que o seu perfil e circunstancias non eran as adecuadas para adquirir participacións preferentes ou obrigas subordinadas das antigas caixas.

Ao marxe do anterior, en canto á vía xudicial, habilitáronse dous xulgados, ún na Coruña e outro en Vigo, adicados especialmente a estes asuntos, todo elo co fin de axilizar o máis posible a súa resolución. Ademais, as persoas interesadas poden informarse sobre se poden ser beneficiarios da chamada Xustiza Gratuíta, na páxina web da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (www.exustiza.es) ou nos Servizos de Orientación Jurídica da oficina dos colexios de avogados de Galicia. Ademais, en todo caso, na páxina web do Instituto Galego de Consumo (www.igc.xunta.es) existe información sobre todo isto.

Esperando ter aclarada a situación actual respecto ás reclamacións presentadas, reciba un cordial saúdo.”

Di o sr. Alcalde que se dá conta polo tanto da información recibida, e prega de quen vaia intervir que se ataña ao artigo 10 do regulamento, que indica que cando algunha das asociacións ou entidades ás que se refire o artigo 8 (que son asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños) desexe efectuar algunha exposición perante o pleno en relación a algún punto da orde do día no que interveña como interesado ou por delegación na tramitación administrativa a través dun único representante, poderá expoñer o seu parecer durante o tempo que sinale o alcalde con anterioridade á lectura, debate ou votación da proposta incluída na orde do día. Para os efectos anteriores -prosegue o artigo mencionado-, a solicitude dirixida ao alcalde deberá presentarse no Rexistro Municipal, e a Alcaldía, logo da consulta coa xunta de voceiros, autorizará ou denegará o solicitado, e de ser concedido, a exposición realizarase nunha única intervención, ao inicio da sesión e nun tempo que non excederá dos 5 minutos.

Os solicitantes deciden que sexa en primeiro lugar o Sr. Domínguez o que interveña, e éste principia a súa intervención indicando que lle parece ridículo que se lles esixa resumir en cinco minutos dous anos de vida de persoas maiores e non tan maiores, para

reclamar e recuperar os seus aforros, mentres o goberno municipal perdeu sete meses en dar unha contestación e traela a un pleno, sen tan siquiera por vontade propia, pois tiveron que ser os afectados os que lembraran a obriga por escrito, e a oposición a que solicitase a inclusión deste asunto na orde do día.

A seguir, o Sr. Domínguez transmite a frustración ante os poderes públicos que deixan abandonados aos cidadáns, pois teñen que ser os cidadáns ao día de hoxe os que teñan que demandar a reclamación dos seus dereitos. O contido do oficio ó que se dou lectura con anterioridade xa era coñecido polos afectados, que teñen escritos idénticos do Instituto Galego de Consumo do mes de xuño, o que demostra que o goberno municipal hoxe fai o ridículo. Lembra que no mes de marzo, cando se aprobou a moción relativa ás preferentes por unanimidade, solicitábase que se fixeran unha serie de xestións, que non se esgotaban só en pedir uns datos ao Instituto Galego de Consumo, datos por certo que xa se tiñan fai meses, pero que non se consideraba idóneo transmitilos.

En calquera caso, estamos a falar de cincocentos millóns de euros, e de dous mil composteláns e compostelás que solicitaron a arbitrase, dos cales só a 292 se lles concedeu, por non falar dos 27.000 contratos suscritos, de centos de sentenzas xudiciais coas conseguíntes anulacións dos acordos propostos polo Banco, e das demandas presentadas, que suman varios miles. Pregunta o sr. Domínguez cándoo a administración pública vai facer algo por defender os intereses dun colectivo de estafados, da estafa masiva máis grande da historia deste país, que non se solventa simplemente con traer un oficio do Instituto Galego de Consumo, mentres a recente actualidade é a venda da Novagalicia Banco antes de que se devolvan os aforros a todos e cada ún dos estafados. Pide o sr. Domínguez que a administración faga por parar esa venda, porque isto parece unha fuxida cara adiante, e non só son os intereses dos estafados, senón os intereses dos/as galegos/as os que se van perder, xa que moitos concellos van quedar sen oficinas a donde poder ir cobrar unha pensión.

Prosegue a súa exposición dicindo que o goberno local non gaña o soldo que cobra se todo o que fixo foi pedir información ao Instituto Galego de Consumo ata en catro ocasións, pois se iso é verdade deberían pedir o cese da Directora Xeral de Consumo se tardou sete meses en dar unha información que é pública e da que xa se tiña coñecemento. Sen embargo, estamos a falar de varios millóns de euros secuestrados procedentes dos miles de afectados de Compostela, xuntados co traballo de toda unha vida, mentres o problema segue na rúa, pois segundo as cifras do Instituto Galego de Consumo, cando menos 768 solicitudes de arbitrase non foron contestadas. Pide o interviniente explicacións de como é posible que en moitos concellos do sur de Galicia tiveran resultados de máis de 95% das solicitudes de arbitrase resoltas positivamente, mostra de que neles os alcaldes se moveron máis, foron a xestionar co Instituto Galego de Consumo, co Banco, ou con quen houbera lugar, os trapicheos para conseguir as arbitrases. Sen embargo, neste concello non interesaba facer algo similar, e non será

porque os afectados non leven moitos meses vindo con este problema, de feito levandous anos na rúa, sendo o Banco unha banca intervida polo Estado ao 100%, e sendo o goberno do Estado, con maioría do Partido Popular quen decreta o canxe obrigatorio por accións, e quen decreta a posibilidade de liquidez, que de tódolos xeitos aínda non permitiu a recuperación de tódolos cartos.

En calquera caso, os afectados seguen demandando solucións, e piden que se inste á Xunta, como se pedía no mes de marzo, ao Ministerio de Economía, e ao Goberno do Estado, todos da mesma cor política, a que se fagan as xestións precisas para que se devolvan os cartos, porque o problema non se resolve con vender o banco, ao que se lle puxeron enriba da mesa nove mil millóns de euros para sanealo, e agora van vendelo por mil, xa que ninguén no seu sano xuízo vendería a entidade pola décima parte do seu valor.

Intervén a seguir unha das afectadas polas preferentes, e pregunta se o Sr. Alcalde coñece por fin cantos veciños e veciñas de Compostela están afectados, e se sabe que o goberno do seu partido obrigounos a converterse en accionistas do Banco aplicando quitas de entre o 30 e o 70%. Pregunta tamén se o Sr. Alcalde sabe que ás persoas que non aceptaron ser accionistas se lles aplicou unha quita aínda maior, e se coñece cantos cidadáns deste Concello non foron chamados á arbitraxe, ou canto diñeiro perdeu a cidade por esta estafa ante a que o sr. Currás só mostrou desidia.

A seguir intervén outra representante da plataforma de afectados, que di non saber se realmente hai que agradecer ó goberno a posibilidade que lles brinda de se poder expresar neste pleno. Xa o fixeron algunha vez máis, pero de nada serviu, porque esta corporación municipal, que ela saiba, non fixo absolutamente nada para defender os intereses dos seus cidadáns, estafados polas antigas caixas de aforros. Tal vez estean máis preocupados por outras cousas, non hai máis que ler a prensa, ben é certo tamén que non foi só o concello o que os tivo abandonados e traizoados.

En Madrid, os deputados e deputadas do partido popular, con Rajoy á cabeza, votaron a favor dun decreto que lles aplicou unhas quitas brutais, é dicir, que consolidou e legalizou o roubo, aínda que aquel mesmo día os deputados dese partido votaron no Parlamento Autonómico en contra do mesmo decreto. O cinismo e a hipocresía non poden ser maiores, pois o sentido do voto depende de se os responsables están aquí ou en Madrid.

En Galicia, o Presidente da Xunta prometeu moitas veces que se ía solucionar o problema satisfactoriamente para todos, o que non é certo, porque Novagalicia Banco segue tendo cos afectados unha débeda de 600 millóns de euros, e ao señor Feijoo échese a boca anunciando que se vai pór en marcha unha “arbitraxe xudicial”,

cando de todos é sabido que iso se chama conciliación, e que existiu sempre, non a inventou el.

Non sabe a interviniente se o Sr. Alcalde terá resposta para estas preguntas, pero como augas pasadas non moven muíños, quere agora conseguir que o seu goberno se preocupe e se comprometa:

- 1.- A recadar os datos e informalos de cantos afectados hai neste momento no Concello e en que situación están.
- 2.- A influír no seu partido e nos gobernos galego e español para que o banco chame á arbitrase a aquelas persoas que non foron chamadas.
- 3.- A dar asesoramento xurídico gratuíto a todos os estafados.

Cree a señora que está no uso da palabra que o exposto non é moito pedir, pois os afectados son cidadáns deste concello e o Sr. Currás é o seu alcalde, e polo menos unha vez debera exercer como tal.

Agradece que se lle permitira facer uso da palabra, e gustaríalle algún día poder darlle as grazas por ter feito algo para axudalos, pero para que iso suceda, o sr. alcalde vai ter que facer algo agora e xa, porque o tempo pasa e a paciencia acábase.

O Pleno da Corporación, rematado o debate, queda enterado da información remitida polo Instituto Galego de Consumo á que se dou lectura con anterioridade.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNAR CO NOME DE “SAXO TENOR” UNHA PRAZA NO BARRIO DE VISTA ALEGRE.

A proposta da Alcaldía, que leva data do 19 deste mes, indica literalmente o seguinte:

“Ángel Currás Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, que subscribe, ten a honra de elevar á consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

Este ano foi adicado o Día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño, escritor, director e actor de teatro nado en Santiago de Compostela (1950-2002), no barrio de Vista Alegre, onde desenvolveu a súa vida tanto a nivel profesional como persoal.

A produción de Roberto Vidal Bolaño caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, que contribuiu á instalación do teatro galego na nosa lingua.

Está considerado como o dramaturgo máis prolíxo da historia da literatura galega, e un dos máis recoñecidos a nivel europeo do final do século XX, pola cantidade e pola calidade das súas obras.

Unha das súas obras dramáticas máis representativas é “Saxo Tenor”, que recibiu en 1.991 o Premio Álvaro Cunqueiro, e en 1.993 o Premio Compostela ó mellor texto e mellor escenografía.

En conmemoración e como xesto de recoñecemento a súa persoa, decidiuse designar á praza donde se criou co nome da súa obra.”

Expón o Sr. Alcalde que Roberto Vidal Bolaño contribuiu de forma importante á instalación do teatro galego, e sen dúbida está considerado como o dramaturgo máis prolíxo da historia da literatura galega, e ún dos máis recoñecidos, e por exemplo, a obra “Saxo tenor”, recibiu o premio Alvaro Cunqueiro polo mellor texto e mellor escenografía.

Feita a homenaxe a Roberto Vidal Bolaño no presente ano adicándolle o día das letras galegas, e en conmemoración e como xesto de recoñecemento á súa persoa, propónse designar a praza onde se criou, e onde xa se incorporou unha placa na súa casa, co nome da súa gran obra, “Saxo tenor”.

Don Rafael Vilar indica que efectivamente este era un compromiso adquirido pola alcaldía, que o seu grupo apoia. De feito, no pleno do mes de outubro o BNG xa lembraba a través dun rogo que era conveniente facer esta homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, aproveitando ademais que iamos cara finais do ano a el adicado, que se cumprían vinte anos da publicación da primeira edición do libro de “Saxo tenor” é do ano 93, e que polo tanto só faltaba facer efectivo este recoñecemento.

Di a seguir Don Francisco Reyes que o ano 2013 foi o ano Roberto Vidal Bolaño, e que como composteláns e compostelás é un orgullo que a Real Academia Galega lle adicara o día das letras galegas de 2013 a este grande do teatro. E ademais este ano cumpríase o décimo cabodano do seu falecemento, condición necesaria para a súa candidatura a homenaxe.

Como xa se dixo noutras sesións, a inmediata asignación do día das letras galegas puxo de manifesto o interese que suscita a súa figura na literatura galega do século XX, e así o confirma a propia Real Academia Galega ao dicir que Vidal Bolaño é imprescindible non só na nosa literatura, senón tamén na europea do último cuarto do século XX, pois non só describiu o seu tempo, senon que transformou a súa época a través dos seus textos dramáticos.

Vidal Bolaño, nacido no barrio compostelán de Vista Alegre, deixou un importante legado no teatro galego como director, autor, escenógrafo, actor e iluminador, un home de teatro integral, un persoaxe esencial na historia do teatro galego que amosou constantemente un absoluto e exemplar compromiso coa nosa lingua. Foi un home que fixo sempre gala do seu compostelanismo, estando Santiago sempre presente na súa vida e na súa obra. Compostela é o seu escenario permanente, e por iso o grupo socialista entende que debe ser a nosa cidade, a súa Compostela, a que acolla expresa e de maneira clara a homenaxe a ún dos seus fillos sobranceiros. Xa que logo, reivindicán e apoian a designación dunha praza co nome dunha das obras de Vidal Bolaño, “Saxo tenor”, unha traxicomedia con tintes de misterio e con toques de novela negra, que tristemente segue de actualidade ao reflectir con asombroso realismo a marxinação e o clasismo inherentes á sociedade.

Xa que logo, de conformidade coa proposta da alcaldía, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade poñer o nome de “Saxo Tenor” á praza do barrio de Vista Alegre na que se criou o escritor D. Roberto Vidal Bolaño, á que dan fronte os edificios números 39, 41, 43 e 45 da Rúa de Vista Alegre.

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DE CONCHEIROS-COTAREDO-SAN LÁZARO NA RÚA DO VALIÑO (NÚMEROS 25 A 31).

Explica pormenorizadamente o contido do presente asunto o informe emitido pola xefa de sección de planeamento e xestión urbanística o pasado día 18 de novembro, que indica literalmente o seguinte:

“1. Obxecto e xustificación

O proxecto de referencia formúlase por iniciativa particular da mercantil URBI LUCSA S.L. co obxecto de producir unha reordenación do volume edificable permitido polo planeamento vixente na peza sita na confluencia entre a rúa do Valiño (números 25 a 31) e a avenida do Camiño Francés.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) remite a ordenación detallada desta peza ao Plan especial de reforma interior (PERI) de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, segundo a modificación que resultou definitivamente aprobada polo Concello o 29 de xullo de 1999 (disposición transitoria 12ª do PXOM).

O ámbito da actuación correspóndese coa parcela nº 90 do PERI, na que se autoriza unha edificación de baixo e tres plantas altas (máis baixo cuberta) na ocupación definida en planos de ordenación.

A edificabilidade de referencia que se toma en consideración no documento é a do sólido capaz definido polas aliñacións, fondos e altura máxima sinaladas polo PERI, do que resulta unha superficie edificable máxima de 1.685,50 m² construídos, tal e como se acredita no proxecto (páx. 9) e nun informe emitido pola arquitecta municipal o 30 de xullo de 2011.

A proposta supón unha reordenación do volume edificable permitido polo PERI, con reaxuste das aliñacións resultantes, configurando un volume de cornixa continua, cunha altura de B+2 con fronte á avenida do Camiño Francés, e unha altura máxima de B+3 tanto na fachada que dá fronte á rúa do Valiño, como na da confluencia desta vía coa do Camiño Francés. Sobre esta liña de cornixa dispónse unha planta ático recuada, ata completar o volume total edificable.

A conveniencia da modificación proposta baséase na oportunidade de resolver os problemas xerados pola diferenza de rasante entre as rúas existentes, e garantir a integración da futura edificación no seu contorno, dada a súa posición prominente no itinerario de acceso dos peregrinos á cidade histórica. Segundo indica o informe da arquitecta municipal de data 21 de maio de 2012, o obxectivo principal da proposta volumétrica é establecer unha cornixa continua na peza, evitando o quebro na fachada leste que xurdiría da aplicación xenérica da altura máxima de B+3 en cada unha das rúas ás que da fronte o edificio -que era a solución inicialmente prevista- e resolver o volume do baixo cuberta formando unha planta ático recuada respecto desta liña de cornixa.

En consecuencia, e de conformidade co esixido polo artigo 94.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a xustificación do interese público da Modificación proposta vincúlase ao obxectivo principal de acadar unha mellor integración do volume edificable no seu contorno, resolvendo os problemas que se derivan da diferenza de rasante existente entre as vías que delimitan a parcela, segundo se reflicte nos informes técnicos que se achegan ao expediente.

Dada a categorización do solo afectado como urbano consolidado, os propietarios haberán de formalizar, con carácter previo ao outorgamento da licenza de edificación, a cesión ao Concello do terreo situado fóra das aliñacións definidas. Así mesmo, deberán executar a urbanización completa do ámbito orixinal da parcela 90 (que inclúe o terreo de titularidade municipal situado máis ao leste), segundo proxecto de obras que haberán de presentar os promotores, para a súa aprobación polo Concello.

2. Tramitación

A reordenación proposta non supón alteración dos parámetros establecidos polo planeamento vixente no que atinxe á superficie edificable, ocupación, altura máxima ou espazos públicos, polo que podería resultar asimilable polo seu contido a un Estudo de detalle. Non entanto, aplicouse o procedemento de Modificación do Plan especial por canto a solución específica que se prevé para a cuberta incumpra a prohibición expresa de cuberta plana que se establece no artigo 59 da normativa do PERI.

Mediante Decisión do 11 de marzo de 2013, do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, declarouse a non necesidade de someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica,

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local con data 27 de marzo de 2013 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron nos xornais La Voz de Galicia e en El Correo Gallego e no Diario Oficial de Galicia os días 2 e 3 de maio, respectivamente. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas e publicouse o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de data 15 de maio de 2013.

Durante o trámite de información non se formularon alegacións.

Con data 2 de xullo achegouse ao expediente escrito asinado polos propietarios das parcelas identificadas cos números 25, 27 e 29 da rúa do Valiño, que manifestan a súa aceptación da proposta de planeamento promovida por URBI LUCSA, para os efectos do esixido polo artigo 74.c) da LOUG.

A Modificación obtivo o **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural**, asinado o 16 de outubro de 2013. No precitado informe advírtese que tanto o proxecto de urbanización como o de edificación do ámbito, que haberán de ser autorizados polo órgano competente da Consellería de Cultura, contarán cun tratamento axeitado dos distintos elementos relacionados no informe.

Por outra banda, a resolución de Patrimonio apunta a conveniencia de reformular a redacción do artigo 59 da normativa do PERI, no que se establece a prohibición da cuberta plana. Porén, a reforma apuntada excedería do ámbito territorial da presente Modificación, que se circunscribe a unha parcela concreta, polo que habería de abordarse, se se estimase conveniente, no marco dun novo procedemento de modificación da normativa xeral do PERI.

3. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, a adopción do seguinte **ACORDO**:

* Aprobar definitivamente, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada, a Modificación puntual do Plan especial de reforma interior do PERI de Concheiros, segundo a Proposta de ordenación volumétrica presentada por URBI LUCSA S.L., cuxo ámbito de actuación se corresponde cos números 25 a 31 da rúa do Valiño (parcela 90 do PERI).

O acordo que se adopte será notificado aos interesados e publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá, así mesmo, a normativa urbanística aprobada.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do proxecto definitivamente aprobado.”

Consta no expediente informe favorable á modificación emitido o día 16 de outubro pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura.

Dona María Pardo explica que o proxecto de referencia formúlase por iniciativa particular da mercantil URBI LUCSA, SL co obxecto de producir unha reordenación do volume edificable permitido polo planeamento vixente na peza sita na confluencia entre a rúa do Valiño, núms. 25 a 31, e a Avda. Do Camiño Francés.

O vixente plan de ordenación municipal remite a ordenación detallada desta peza ao Plan especial de reforma interior de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, segundo a modificación que resultou definitivamente aprobada polo concello o día 29 de xullo de 1999 da disposición transitoria 12ª do PXOM. O ámbito de actuación correspóndese coa parcela núm. 90 do PERI, na que se autoriza unha edificación de baixo e tres plantas altas, máis baixo cuberta, na ocupación definida nos planos de ordenación.

A edificabilidade de referencia que se toma en consideración no documento é a do sólido capaz definido polas aliñacións, fondos e altura máxima sinaladas polo PERI, do que resulta unha superficie edificable máxima de 1.685,50 metros cadrados construídos, tal e como se acredita na páxina 9 do proxecto, e no informe emitido pola arquitecta municipal o 30 de xullo de 2011.

A proposta supón unha reordenación do volume edificable permitido polo PERI, cun reaxuste das aliñacións resultantes, configurando un volume de cornisa contínua, cunha altura de B+2 con fronte á Avda. Do Camiño Francés, e unha altura máxima de B+3, tanto na fachada que dá fronte á rúa do Valiño, como na da confluencia desta vía coa

do Camiño Francés. Sobre esta liña de cornisa dispónse unha planta ático recuada, ata completar o volume total edificable.

A conveniencia da modificación proposta baséase na oportunidade de resolver os problemas xerados pola diferenza de rasante entre as rúas existentes, e na de garantir a integración da futura edificación no seu contorno, dada a súa posición prominente no itinerario de acceso dos peregrinos á cidade histórica. Segundo indica o informe da arquitecta municipal de data 21 de maio de 2012, o obxectivo principal da proposta volumétrica é establecer unha cornisa contínua na peza, evitando o quebro na fachada leste que xurdiría da aplicación xenérica da altura máxima de B+3 en cada unha das rúas ás que da fronte o edificio, que era a solución inicialmente prevista, e resolver o volume do baixo cuberta formando unha planta ático recuada respecto desta liña de cornisa.

En consecuencia, e de conformidade co esixido polo artigo 94.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a xustificación do interese público da modificación proposta vincúlase ao obxectivo principal de encontrar unha mellor integración do volume edificable no seu contorno, resolvendo os problemas que se derivan da diferenza de rasante existente entre as vías que delimitan a parcela, segundo se reflicte nos informes técnicos que se achegan ao expediente.

A reordenación proposta non supón alteración dos parámetros establecidos polo planeamento vixente no que atinxe á superficie eficaz, ocupación, altura máxima ou espazos públicos, polo que podería resultar asimilable polo seu contido a un estudo de detalle. Non entanto, aplicouse o procedemento de modificación do plan especial por canto a solución específica que se prevé para a cuberta incumpre a prohibición expresa de cuberta plana que se establece no artigo 59 da normativa do PERI.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da LOUG, a modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local con data 27 de marzo de 2013, e someteuse á información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron nos xornais La Voz de Galicia e en El Correo Gallego e no Diario Oficial de Galicia os días 2 e 3 de maio, respectivamente. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, e publicouse o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, con data 15 de maio de 2013 sen que durante o trámite de información pública se formularan alegacións.

Prosegue a súa explicación a Sra. Pardo indicando que o 2 de xullo achegouse ao expediente un escrito asinado polos propietarios das parcelas identificadas cos números 25, 27 e 29 da rúa do Valiño, que manifestaban a súa aceptación á proposta de

planeamento promovida por URBI LUCSA para os efectos do esixido polo artigo 74.c) da LOUG.

A modificación obtivo ademais o informe favorable da directora xeral de patrimonio cultural, de data 16 de outubro de 2013, no que se apunta a conveniencia de reformular a redacción do artigo 59 da normativa do PERI respecto da prohibición da cuberta plana, se ben non é este o instrumento adecuado para tal finalidade.

Pola explicación ofrecida, a concelleira solicita do pleno a aprobación definitiva, sen modificacións respecto da aprobación inicial, da modificación puntual do plan especial de reforma interior do PERI de Concheiros.

Don Rubén Cela, pola súa banda, indica que a proposta de modificación puntual que hoxe se presenta para a súa aprobación definitiva, busca a reordenación do volume edificable permitido polo planeamento vixente nunha peza dende o seu punto de vista especialmente delicada por diferentes motivos, pero fundamentalmente por formar parte da entrada do Camiño Francés en Compostela.

O seu grupo non ve problema na reordenación do volume edificable de 1.685 metros cadrados, porque é certo que nesa parcela existe un importante desnivel entre a fachada da edificación que daría á rúa do Valiño, e que quedaría como comentaba agora a señora concelleira, con baixo + 3, e a que dá ao Camiño Francés, que quedaría con baixo + 2, e sobre todo se temos en conta que o PERI nesa parcela autoriza unha edificación de baixo e tres plantas e máis un baixo cuberta.

Agora ben, o que se propón é establecer unha cornisa contínua na peza para evitar supostamente o quebro na fachada leste, que xurdiría da aplicación de baixo + 3 nas dúas rúas, e ademais resolver o volume do baixo cuberta formando unha planta de ático, recuado respecto da liña de cornisa, cousa que supostamente permitiría que tivera menor impacto visual. O seu grupo alberga dúbidas de que así se consiga realmente unha mellor integración do volume edificable na contorna, pero sobre todo, o que é máis dubidoso é o feito de establecer unha excepción só neste caso, xa que o artigo 59 das ordenanzas xerais da normativa do PERI prohibe expresamente a cuberta plana, e indica que a mesma debe ter unha inclinación máxima de 35° e pendente contínua. Por ese motivo, adianta o concelleiro que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vaise abster neste punto.

Pola súa banda, Dona Mercedes Rosón tamén anuncia que o grupo municipal socialista vai absterse neste punto, xa que esta proposta de modificación puntual na parcela 90 deste PERI xenera moitísimas dúbidas, e o que inicialmente semella un estudo de detalle que reordena o volume edificable permitido polo Plan Especial, axustando as aliñacións resultantes, alturas, etc., etc., convírtese nunha modificación puntual do plan

para esa parcela en concreto. Esta parcela, como xa indicou o Sr. Cela, é moi delicada pola súa ubicación e presenza nun ámbito protexido como é o Camiño Francés, pois está no itinerario de acceso dos peregrinos á cidade histórica. A normativa deste PERI, tal e como di moi claramente o informe da Dirección Xeral de Patrimonio, prohibe expresamente a través do seu artigo 59 as cubertas planas. En todo o ámbito deste plan especial de reforma interior, un plan discontinuo que vai dende esta parcela ata chegar practicamente aos novos desenvolvementos do barrio de San Lázaro, as cubertas son a dúas augas, solución xustificada no seu momento por razóns de coherencia e integración básica, e non entende a sra. Rosón como non se acepta esa suxerencia da Dirección Xeral de Patrimonio, que no seu informe apunta á conveniencia de reformar a redacción dese artigo 59 da normativa do PERI no que se establece a prohibición da cuberta planta.

Pensa a Sra. Rosón que chirría bastante que a normativa de todo este ámbito diga unha cousa e que con esa modificación puntual se permita outra que está expresamente prohibida na primeira. Isto é un lío que provoca moitísimas dúbidas relativas a que se poida aprobar unha modificación puntual dunha parcela concreta do peri sen modificar a normativa do mesmo, pero precisamente, iso que ó grupo socialista lle parece un lío é para o goberno municipal o terreo no que mellor se move. O grupo socialista fai as normas para cumprilas, a diferenza do popular, que as aproba para poder incumprilas e facer excepcións.

Dona María Pardo, que volve a intervir, explica que o informe da Dirección Xeral de Patrimonio apunta á conveniencia de reformular a redacción do artigo 59 do PERI, no que se establece esta prohibición de cuberta plana, pero esta reforma excedería do ámbito sectorial da presente modificación, que se circunscribe a unha parcela concreta, polo que habería de acordarse, se se estima conveniente, no marco dun novo procedemento de modificación da normativa xeral do peri, cousa que o goberno municipal levará a cabo próximamente.

Dona Mercedes Rosón di que o seu grupo quere que de paso que se plantexa unha modificación puntual do plan especial de reforma interior, se leve a cabo a modificación da normativa, porque doutro xeito se provoca unha contradición bastante evidente. De todos modos, a falta de apoio do seu grupo non ten que ver exclusivamente con esa contradición, senon co tema da excepción, pois unha vez máis estanse a exceptuar cousas, e as normas están para cumprirse.

Xa que logo, de conformidade co informe do servizo de planeamento, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 18 deste mes, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 22 de novembro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo

municipal popular, e 12 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan especial de reforma interior de Concheiros, segundo a proposta de ordenación volumétrica presentada por URBI LUCSA S.L., redactada polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira, cuxo ámbito de actuación se corresponde cos números 25 a 31 da rúa do Valiño (parcela 90 do PERI), sen modificacións respecto da inicialmente aprobada e sometida á información pública.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Igualmente remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar foi aprobada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión de 30 de maio deste ano e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 26 de xullo seguinte.

A necesidade de modificación nace pola repercusión que sobre o texto da mesma ten o Decreto 149/2013, de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Explica polo miúdo a modificación o informe que a seguir se reproduce, do día 15 deste mes, da xefa de sección de servizos sociais, que conta co visto e praxe da xefatura de servizo da área de benestar social:

“ANTECEDENTES

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

- O Servizo Público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de

Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia, así como na normativa estatal e galega que a desenvolve, e que fixo necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

- O Concello de Santiago de Compostela sempre optou pola titularidade municipal de dito servizo e desenvolveuse desde o ano 2007 desde o centro de servizos sociais sito na r/ Isaac Díaz Pardo, nº 4 desta cidade e polas unidades de traballo social situadas nalgúns centros socioculturais. A apertura o posta en funcionamento dun centro ou dun programa de servizos sociais estivo condicionada á obtención da correspondente autorización de inicio de actividades nos termos que se sinalan no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito para posibilitar así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española. Conforme a dita lei o sistema galego de servizos sociais estruturase en forma de rede, conforme a dous niveles de actuación: a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a su vez, dos modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, e b) Servizos sociais especializados. Los servizos sociais comunitarios, de carácter **predominantemente local**, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a vía normal de acceso ó sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social. Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolveranse desde os **centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares e coa estrutura organizativa que se estableza pola administración titular do servizo, sen prexuízo dos requisitos e dotacións mínimas que regulamentariamente sexan determinadas**. Esta mesma lei establece no seu artigo 11. que é función dos servizos sociais comunitarios básicos letra f) A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación. No Capítulo II da lei que define o catálogo de servizos sociais establece que dentro dos servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica está letra d) A AXUDA NO FOGAR, consistente en

ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual.

- Que con data 23 de xullo de 2010 a Secretaría xeral de Familia e Benestar ditou Resolución de AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES POLO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, e ordenouse a anotación desta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-562/P.0001.

- Coa entrada en vigor do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o Réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b), como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

- Con motivo da entrada en vigor do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia “polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”, (DOG. Nº 63 do 30 de marzo de 2012) e a publicación da Resolución do 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade pola que se publica o Acordo do Consello territorial do Sistema para a autonomía e atención á do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo “de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad”. (BOE nº 168 do 14 de xullo de 2012) redactouse a vixente Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 30/05/13 e publicada no BOP da Coruña de 26/07/13, nº 141 e a actualmente vixente,

SITUACIÓN ACTUAL

Este sistema ten que ir adaptándose ás necesidades de cada momento a fin de que as accións que veñen desenvolvendo os poderes públicos neste campo, se configuren como eficaces instrumentos de atención. A partir de aquí, a Comunidade Autónoma de Galicia busca a posta en marcha de novos servizos desde a perspectiva da atención integral, a profesionalización, o respecto, autonomía e participación da persoa nas actividades e funcionamento do servizo. Por todo iso a recente publicación do **Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia**, “polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo” (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013), regula no seu título III a contribución financeira das persoas usuarias dos servizos no seu custo e precisan do establecemento dos criterios para esta

participación financeira. Na medida en que se pretende reconfigurar a atención ás persoas dependentes sobre a base da prestación dos servizos que requira a específica situación de dependencia en que se atopan as persoas usuarias, faise preciso que os criterios desa participación económica se establezan do mesmo xeito, de tal modo que contribúan tamén na medida da intensidade dos servizos recibidos.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención así como os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago de Compostela, consonte o marco normativo ao que se fai referencia e que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo municipal de axuda no fogar a través da Ordenanza Municipal Reguladora do SAF, que precisa tamén de modificacións para súa adaptación ao novo marco lexislativo, e que se están a tramitar.

O artigo 1 do *Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia* expón que “Constitúe o obxecto da presente norma: ...2 A determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola Administración xeral da CA de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, cando este sexa prestado pola Administración Local.

O articulado de dita norma fai necesaria a modificación da vixente **Ordenanza Reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar** aprobada polo acordo do Pleno da Corporación do 30/05/13 e publicada no BOP da Coruña de 26/07/13 e a actualmente vixente nos seguintes artigos:

Artigo 4º.- Contido do servizo. No presente artigo hai cambio parcial de contido e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 4º.- Contido do servizo

1. Consonte a valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar este servizo prestarase en todas as súas prestacións básicas e poderá incorporar adicionalmente prestacións opcionais.

Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

I) Prestacións: Formarán parte deste servizo as seguintes prestacións básicas:

A) Atencións de carácter persoal:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Tarefas de coidado e hixiene persoal así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos/as.
- Apoio para cambios de postura, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

B) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- Apoio á unidade familiar.
- Coidados e mantemento básico da vivenda.

C) Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

- Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

2. Servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións e servizos de carácter complementario:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c. Adaptacións funcionais do fogar.

d. Servizo de podoloxía.

e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións que polo seu carácter sanitario deban, en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

6. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, en que se recollerá o contido particular das atencións a prestar, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as dúas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.”

Artigo 19º.- No presente artigo hai cambio do título e de contido e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 19º .- Regras para a determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica persoal da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.

2. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.

4. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual”.

Artigo 20.- Normas de valoración da renda. Sustitue. O contido do presente artigo é **novo** e é un artigo que se inserta diante do anterior artigo 20 que terá o nº 23, o texto quedará do xeito seguinte

“Artigo 20. Normas de valoración da renda

1. Para a valoración da renda computaranse, no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da persoa usuaria derivados tanto do traballo coma do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecidos pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ou, se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, ou nos casos de persoa usuaria con cónxuxe en réxime de gananciais ou de participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella. Para o caso das parellas de feito rexistradas, aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexan as súas relacións económicas.

Así mesmo, computaranse as rendas derivadas dos seguros privados de dependencia, a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

2. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 % do custo de referencia do servizo.

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. Cando a persoa usuaria teña persoas ao seu cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto de persoas que dependan economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Non obstante, cando a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela e sempre que non presentasen de forma conxunta a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cómputo anterior só se integrarán as rendas da persoa usuaria e das persoas que dependan economicamente dela, e o resultado dividirase entre o número total de persoas, computadas as persoas ao seu cargo a razón de 0,5. No caso de que presentasen a declaración de forma conxunta, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e máis, de ser o caso, das rendas das persoas ao cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.”

Artigo 21.- Persoa a cargo da persoa usuaria. O contido do presente artigo é **novo** e é un artigo que se inserta diante do anterior artigo 21 que terá o nº 24, o texto quedará do xeito seguinte

“Artigo 21.- Persoa a cargo da persoa usuaria

1. Enténdese por persoas a cargo da persoa usuaria, sempre que reúnan as condicións sinaladas no número 2 deste artigo as seguintes:

- a) Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.
- b) Descendentes da persoa usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e/ou acollemento, menores de vinte e cinco anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade ou incapacitados xudicialmente sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- c) Ascendentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. As persoas referidas no punto anterior para seren consideradas persoas a cargo da persoa usuaria deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que as súas rendas anuais, excluídas as exentas, non superen o importe fixado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas para ter dereito á aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.
- b) Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- c) Que estean empadroadas no domicilio da persoa usuaria cando menos desde un ano antes da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.
- d) Que convivan coa persoa usuaria, como mínimo, 183 días ao ano.”

Artigo 22. Normas de valoración do patrimonio neto. O contido do presente artigo é novo e é un artigo que se inserta diante do anterior artigo 22 que terá o nº 25, o texto quedará do xeito seguinte

“Artigo 22. Normas de valoración do patrimonio neto

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria dos servizos regulados na presente norma, determinado consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa usuaria.

2. Unicamente se computará a vivenda habitual no caso de que a persoa beneficiaria reciba o servizo de atención residencial ou a prestación económica vinculada a tal servizo e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo na devandita vivenda. Neste caso, o valor que se computará será o valor catastral da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado, aplicada a exención que por vivenda habitual estableza, se é o caso, a normativa do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos entenderase por persoas ao seu cargo as conceptualizadas no artigo 21 deste decreto.

3. Computaranse en todo caso as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuíto, a favor do cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4. Para os efectos da valoración do patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.”

Artigo 24º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar. O presente artigo hai cambio de texto e de numeración do sustitue ao anterior 21º e pasa ao nº 24º e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 24º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará unha tabla de **copagamento** de servizo de Axuda no fogar, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e en función da intensidade do servizo asignado (sic), ou naquela outra normativa aplicable e aprobada con posterioridade. en base á **Disposición derradeira primeira, punto 3.1; 3.2 do Decreto 149/2013 do 5 de setembro.**

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria dependente en concepto de copagamento, poderá exceder o **90% da custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.**”

Artigo 25º Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria. O contido do presente artigo é **novo** e é un artigo que se engade e pasará a ter o nº 25, o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 25º Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

1. O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación ao servizo de axuda no fogar.

2. Consistirá na porcentaxe da súa capacidade económica que se estableza, nos tramos indicados nas táboas do anexo II deste decreto.

3. As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40 % do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva da praza.

4. Nos servizos de axuda no fogar que, mediando renuncia da persoa usuaria, sexan prestados por número de horas ao mes inferior as intensidades establecidas nas táboas que para estes servizos se detallan no anexo II, a participación no seu financiamento será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.”

Artigo 26º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento. No presente artigo soamente hai cambio de **numeración do 22º ao 26º** e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 26º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica *per capita*, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do **40% da súa capacidade económica.**”

Artigo 27º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos . No presente artigo soamente hai cambio de **numeración do 23º ao 27º** e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 27º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Ao abeiro do artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Santiago de Compostela en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.”

Artigo 28º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos. No presente artigo soamente hai cambio de **numeración do 24º ao 28º** e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 28º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.”

Artigo 29º.- Obrigados ao pagamento. No presente artigo soamente hai cambio de numeración do 25º ao 29º e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 29º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.”

Artigo 30º.- Nacemento da obriga do pagamento. No presente artigo soamente hai cambio de numeración do 26º ao 30º e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 30º.- Nacemento da obriga do pagamento

A obriga de pagar os prezos públicos, consonte coa ordenanza fiscal reguladora do prezo para a prestación deste servizo no Concello de Santiago de Compostela, nace desde que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos previstos nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.”

Artigo 31º.- Infraccións e sancións . No presente artigo hai cambio de numeración do 27º ao 31º e o texto quedará do xeito seguinte:

“Artigo 31º.- Infraccións e sancións

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido polo artigo 6.bis da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.”

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Engadése a disposición adicional primeira e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para os efectos do establecido no artigo 23 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a redacción dada pola Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2013, excepcionalmente e de forma xustificada, as atencións de carácter doméstico e as de carácter persoal que integran calquera das modalidades do servizo de axuda no fogar reguladas neste decreto, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa individual de atención. A administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación e, en todo caso, o contido particular das atencións que se lle prestarán á persoa beneficiaria deberán quedar reflectidas no acordo de servizo coa entidade prestadora, tal como establece o artigo 14.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.”

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Na presente disposición hai cambio de nº de orden pasando da primeira á segunda e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela é de titularidade municipal, e será coordinado polos servizos sociais municipais.

Co fin de facilitar a comprensión desta ordenanza, explícanse os seguintes conceptos:

Autonomía: Capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

Dependencia: Estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención ou doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, de apoios para a súa autonomía persoal.

Necesidades de apoio para a autonomía persoal: As que requiren as persoas que teñen discapacidade intelectual ou mental para facer efectivo nun grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

Actividades básicas da vida diaria (ABVD): As tarefas máis elementais da persoa, na súa vida cotiá, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como: o coidado persoal, baño, vestido, transferencias, actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes sinxelas.

Actividades instrumentais da vida diaria: Conxunto de accións que realiza unha persoa permitindo o autosostemento no seu contorno habitual: cociñar, pasar o ferro, manexo de diñeiro etc.

Coidados non profesionais: A atención prestada a persoas en situación de dependencia no seu fogar por persoas da familia ou do seu contorno, non vinculadas a un servizo de atención profesionalizada.

Axudas técnicas: Equipos, dispositivos, aparellos ou adaptacións tecnolóxicas que se utilizan para suplir movementos e axudar nas limitacións funcionais das persoas.

Beneficiarios/as: Persoas que reciben as atencións derivadas do programa e ás que se lles aplica o proxecto de intervención.

Persoal de atención directa: Profesional que materializa as actividades tanto na atención ás necesidades no domicilio como nas de apoio psicosocial, familiar e de relación co contorno, enmarcadas no proxecto de intervención da persoa beneficiaria.

Proxecto de intervención: Documento que xorde como acordo coa persoa beneficiaria da valoración das necesidades que cómpre satisfacer. Establece os obxectivos que se pretenden alcanzar, as tarefas que se van executar e a temporalidade da intervención.

Entidade titular: Concello de Santiago de Compostela, que diseña e define as características do programa e a relación administrativa ou contractual coa entidade prestadora e coa persoa beneficiaria.

Entidade prestadora: Organización que realiza e executa as atencións derivadas do proxecto de intervención ou outros proxectos complementarios de cada persoa beneficiaria.

Servizos complementarios: Actividades que amplían o nivel de atención da axuda a domicilio naqueles aspectos que esta non cobre: lavandería, podoloxía, terapia ocupacional, barbería etc.”

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Na presente disposición hai cambio de nº de orden pasando da segunda á terceira e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Delégase na Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta ordenanza, así como a redacción das instrucións que sexan necesarias para a súa correcta interpretación.”

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. A presente disposición é engadida e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

O servizo de atención no fogar no Concello de Santiago de Compostela adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o sistema de autonomía e atención á dependencia (SAAD) de Galicia.”

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. A presente disposición é engadida e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

1. Establécese o prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor do decreto Decreto 149/2013 de 5 de setembro, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

2. Durante este período, no caso das persoas usuarias dos servizos dispensados pola Administración local, aboarán as contías que veñan establecidas na correspondente ordenanza municipal. As cantidades aboadas polos usuarios dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar neste período, terán a consideración de entregas á conta da liquidación definitiva que se efectuará unha vez determinada a capacidade económica da persoa usuaria, consonte os seguintes prazos.*

a) No prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor da presente norma, o órgano competente solicitará dos usuarios dos que non se determinase a súa capacidade económica a documentación requirida no artigo 17, que sexa necesaria para a determinación da capacidade económica, concedendo para tales efectos o prazo de tres

meses para a súa formalización, agás no suposto de que este autorizase ao órgano tramitador para que estes datos poidan ser solicitados directamente no seu nome.

b) No prazo dos seis meses seguintes a que expirase o anterior prazo, o órgano competente, determinará a capacidade económica da persoa usuaria e para o caso dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificaralle dunha banda a liquidación dos importes periódicos a ingresar, consonte o establecido no artigo 31 do presente decreto e doutra a liquidación correspondente as diferenzas existentes entre as contías reivindicadas desde a entrada en vigor da presente norma e as contías aboadas pola persoa usuaria dos servizos no mesmo período, que para estes efectos terán a consideración de cantidades obxecto de regularización. Sempre que a documentación necesaria para a determinación da capacidade económica fose presentada nos prazos establecidos nesta disposición transitoria, a Administración sexa autorizada para o acceso aos datos tributarios correspondentes ou para o caso de incumprimento do prazo de presentación, este non fose debido a causas imputables ao obrigado, non se devindicarán xuros de mora sobre as cantidades obxecto de regularización.

Para as persoas usuarias dos servizos prestados indirectamente pola Administración, aplicarase o disposto no instrumento que regule a relación contractual entre a Administración e a entidade prestadora dos servizos. Para a Administración local aplicarase o que regulen as correspondentes ordenanzas municipais.

Excepcionalmente durante este período, para os servizos prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a persoa usuaria poderá solicitar o réxime de aprazamentos e fraccionamentos, previsto no artigo 26 do presente decreto, para os importes liquidados en concepto de cantidades obxecto de regularización. No suposto de que o resultado da regularización fose negativo, os importes ingresados á conta da liquidación definitiva, serán obxecto de reintegro.

c) No caso de persoas usuarias de servizos prestados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polo Consorcio Galego e Servizos de Igualdade e Benestar así como para o caso dos servizos prestados indirectamente por estas ou prestados a través das entidades locais, será responsabilidade da persoa que exerza a dirección do centro ou a coordinación do servizo de axuda no fogar a colaboración coa respectiva xefatura territorial no proceso de actualización e determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.”

DISPOSICIÓN DERROGATORIA. Na presente disposición hai cambio de contido e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 141, do 26 de xullo de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a ela.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA . Na presente disposición hai cambio de contido e o texto quedará do xeito seguinte:

“DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor, ao día seguinte da data da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia.”

Tamén figura no expediente informe da secretaría xeral do Pleno-Dirección da asesoría xurídica, día 20 de novembro, sobre o procedemento para a aprobación da modificación proposta, e acordo adoptado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, do día 21 seguinte, aprobatorio do proxecto de modificación

Expón o Sr. Alcalde que os puntos que levan os números 6 e 7 trátanse conxuntamente.

Dona María Castelao explica a seguir que o servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local que ofrece un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno vital. Dito servizo experimentou na última década diversos cambios normativos, que esixen a adaptación da súa ordenanza e tamén da súa taxa. Trátase por tanto de aprobar de forma inicial unha modificación da ordenanza, que aínda que hai pouco que entrou en vigor, resultou afectada por unha recente normativa autonómica. Como é sabido, o artigo 14 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, establece o contido do servizo de axuda no fogar, que consistirá en actuacións de carácter básico e servizos de carácter complementario.

O servizo de axuda no fogar neste concello unicamente presta as actuacións de carácter básico e non as de carácter complementario, que son opcionais. O servizo é de titularidade municipal, e de competencia da área que a concelleira ten encomendada. Dito servizo préstase polo concello de forma directa, mediante a contratación administrativa, sistema que se ten que ir adaptando ás necesidades de cada momento, a fin de que as accións que veñen desenvolvendo as administracións neste campo se configuren como eficaces instrumentos de atención.

A partir de aquí, a Comunidade Autónoma de Galicia busca a posta en marcha de novos servizos dende a perspectiva de atención integral, a profesionalización, o respecto, a autonomía, e a participación da persoa nas actividades de funcionamento do servizo. Por todo iso, a recente publicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, expón no seu primeiro artigo que constitúe o obxecto da norma a determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola administración xeral da Comunidade Autónoma, o Consorcio Galego de servizos de igualdade e benestar, ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar, que é o caso que nos ocupa, cando este sexa prestado pola administración local.

No seu segundo artigo di que a participación no financiamento poderá esixirse tanto cando os servizos sexan xestionados directamente como de xeito indirecto a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público. Esta nova normativa autonómica obriga ao concello ao cambio de ordenanza municipal, e tamén ao cambio da súa taxa.

Por outra banda, o Decreto 149/2013 pretende reconfigurar a atención ás persoas dependentes sobre a base da prestación dos servizos que requira a específica situación de dependencia e a capacidade económica das persoas usuarias, e da intensidade dos servizos recibidos, regulando a contribución financeira das mesmas de modo uniforme para o ámbito autonómico, coa única singularidade do custo do servizo. Polo tanto, o réxime de participación económica dos usuarios ven establecido pola normativa autonómica e así deberá recollese na ordenanza reguladora e tamén na ordenanza fiscal, sobre a base da modificación do cálculo da capacidade económica do cidadán dependente e dunha nova táboa de copago. Por último, indica a concelleira que o cálculo de libre concorrencia queda exactamente igual que xa estaba.

Don Rafael Vilar, pola súa banda, di que dende que o grupo popular está no goberno debe ser o terceiro cambio desta ordenanza, de feito o último é de fai poucos meses. É certo que estes cambios veñen motivados por diferentes modificacións na normativa que impón a Xunta de Galicia, que o único que fai é poñer máis atrancos no acceso a un servizo público, a un servizo social, como é o de atención no fogar, que o seu grupo lle parece fundamental na súa contribución ao benestar das persoas.

A anterior ordenanza foi aprobada única e exclusivamente cos votos do goberno municipal, e coa abstención do BNG, feita co ánimo de mostrar discrepancia co decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento.

O citado decreto establecía unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo de axuda no fogar que incrementaba de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copagamento a realizar. Supoñía uns incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia, e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade. O que acaba de indicar o concelleiro coincide co texto dunha moción que o BNG presentou en abril de 2012, demandando a derogación do Decreto e a negociación dun novo Decreto da Xunta que non fora tan lexivo para as persoas usuarias, indicando asemade que se podería negociar o contido no marco da FEGAMP. Obviamente esta moción non foi adiante.

Agora estamos diante dun novo Decreto da Xunta, o 149/2013, do 5 de setembro que establece basicamente unha carteira de servizos sociais. Introduce por unha parte unha serie de modificacións no articulado da ordenanza, algunhas das cales xa foron detalladas pola señora concelleira. Unhas son menores e refírense por exemplo, ó contido do servizo, como as modificacións que se producen no artigo 4; outras refírense á determinación da capacidade económica das persoas usuarias, ás normas de valoración da renda, ou ás normas de valoración do patrimonio neto. Polo tanto, establécense requisitos económicos para as persoas usuarias que queiran ou que precisen o acceso a este servizo.

E tamén neste decreto hai modificacións de calado na participación do financiamento das persoas usuarias, o que supón, en definitiva, un custe maior para os cidadáns usuarios deste servizo, un custo que vai a máis e que se incrementa decreto a decreto. Hai un cambio no artigo 21, que agora aparece reenumerado como artigo 24, no que se establecen novas táboas de copagamento do servizo de axuda no fogar, e en cómputo xeral, o aumento que teñen que pagar os cidadáns. O artigo 24 sinala que o usuario mesmo pode ter que chegar a aboar parte do servizo, nunha porcentaxe que pode acadar até o 90% do seu custo, mentres no anterior decreto figuraba a cantidade de ata o 65%, o que significa un incremento de incluso o 25% máis que poderían ter que aboar algúns dos usuarios.

Para o Bloque Nacionalista Galego isto non é ningunha sorpresa, porque vai en liña con todas as directrices económicas do goberno do PP na Xunta, e a súa visión ideolóxica a respecto dos servizos públicos, unha visión coa que o seu grupo discrepa radicalmente, e que está a supoñer un maior esforzo económico para os cidadáns/as do noso país, inmersos nun proceso de desmantelamento dunha rede pública de servizos sociais que son básicos para o benestar dos cidadáns.

Polas anteditas razóns di o concelleiro que é obvio o seu voto non afirmativo, pois vanse abster en apoiar esta proposta de aprobación inicial da modificación da ordenanza

reguladora do servizo de axuda no fogar, e na de modificación da correspondente ordenanza fiscal

Dona Mar Martín di que xa van tres modificacións que se fixeron a esta ordenanza que regula o servizo municipal de axuda no fogar, todas elas na mesma liña, motivadas por cambios da normativa da Xunta de Galicia en relación ás prestacións básicas de servizos sociais.

En todas elas, como non pode sorprenden, o que hai é un aumento no copago por parte dos usuarios/as que cada vez vai a máis. Nesta, outra vez, volve a subir o copago que se lles asigna aos usuarios/as dos servizos sociais, neste caso, da axuda a domicilio, nun intento cada vez máis evidente de que os custes dos axustes recaian naquelas persoas que teñen menores posibilidades económicas. Isto entra dentro das políticas que se anunciaron tanto polo goberno do PP na Xunta, como no goberno central, e aquí tamén no goberno municipal, dun desmantelamento paulatino dos servizos sociais, os cales cada vez van tendo menos orzamento.

A proposta que hoxe se presenta para modificar a ordenanza reguladora do servizo municipal, corresponde á adaptación ao novo decreto que promulga a Xunta, e nesta ocasión o grupo socialista vai votar en contra, porque lles parece que a aplicación do anterior decreto trouxo graves consecuencias, xa que aínda que o grao ún de dependencia non se modifica, e o tres se altera mínimamente, non sucede o mesmo co grao dous, que sofre un incremento considerable, que case supera o 3% do que teñen que ir pagando os usuarios.

Di a concelleira que o grao dous é aquel no que hai unha indicación de ser o máis idóneo para as persoas que van a ter acceso á axuda a domicilio, a diferenza do grao ún -gran dependencia-, no que non sería especialmente idóneo o programa de atención individual. O grao tres practicamente non está posto en funcionamento aínda, pois hai moi poucas persoas avaliadas, co cal céntrase precisamente esta subida no grao dous, no que hai maior número de persoas asistidas.

Por outro lado, na outra forma de axuda no fogar, que é a axuda no fogar municipal ou tamén de libre concorrencia, non hai unha modificación da ordenanza anterior, pero se se fai unha análise mais fonda verase que nas diferentes ordenanzas foi subindo dunha forma alarmante, ata tal punto que por exemplo unha persoa que gana entre vez e media e dúas veces o Iprem, no 2009 pagaba o 15%, no 2012 ata o 20%, e no 2013 ata 50%, pero si é o 2,5 do IPREM o que gana esa familia, no 2009 pagaba o 21%, no 2012 pagaba o 20%, o mesmo, porque aquí o que se fixo foi reducir tramos, pero no 2013 pode pagar do 60% ao 90% do que é custe do servizo. Isto levou consigo unhas consecuencias bastante importantes no que é a prestación desta axuda, dirixida a paliar

as necesidades da poboación con máis inmediatez, como por exemplo cando saen dun hospital cunha serie de problemas e non poden valerse por si mesmos.

Neste momento a xente está renunciando a esta axuda porque non a pode manter, xa que non pode acceder directamente ao servizo de axuda a domicilio porque lle supón un custo moi importante. De feito, se ademais miramos os orzamentos do Concello, verase que para libre concorrência no ano 2011 había catrocentos mil euros, e no ano 2013 douscentos sesenta e sete mil, é dicir, diminúe de forma moi importante o orzamento para libre concorrência, e sen embargo as necesidades seguen en aumento.

Por estas razóns e nesta ocasión o grupo municipal socialista vai votar en contra desta nova modificación.

Dona María Castelao di seguidamente que o seu grupo considera que o novo decreto, ao igual que os anteriores, o que busca é un sistema moito máis progresivo, pois modifica os sistemas de achegas dos usuarios de acordo coas novas normativas tamén estatais e cos novos servizos que se poñen en marcha, e grazas a ampliación do orzamento da Xunta en moitas das súas partidas, posibilitase a posta en marcha de novos servizos que se inclúen dentro desa carteira que regula o decreto, ademais do servizo de axuda no fogar que é o que compete ó Concello. Está claro que os usuarios van pagar segundo a súa capacidade económica, e o que o Concello buscou foi que os tramos que temos que establecer sexan os máis axeitados posibles, de modo que os usuarios con maior capacidade económica fixesen o máximo esforzo, e non os que se corresponden cos tramos inferiores do IPREM. A visión ideolóxica é diferente, pois o seu grupo en relación á dependencia tivo que tramitar centos e centos de expedientes que estaban acumulados na Consellería de Traballo e Benestar, para prestar eses servizos aos nosos maiores e ás persoas que teñen maiores limitacións en relación a súa saúde.

A seguir, a concelleira amósase sorprendida polo voto en contra do Partido Socialista, porque unha cousa é non estar de acordo cos tramos de copagamento, e outra é o apoio a un servizo que xa prestaba o anterior goberno, e que no seu día xa se tivo que modificar. Polo demais, afirma a concelleira que se tenta primar ós usuarios que chegan de dependencia, limitando ós de libre, aínda que a súa concellería está a estudar fórmulas que permitan que o esforzo do concello se vexa aumentado pola aportación que fai a Xunta, de xeito que o orzamento dispoñible do servizo de axuda no fogar sexa maior.

Remata a súa intervención a concelleira afirmando que o goberno municipal seguirá traballando para que o servizo de axuda no fogar funcione da mellor forma posible, atendendo a todos os cidadáns e continuando con ese compromiso de seguir prestando libre concorrência, que supón un importante esforzo para as arcas municipais, á vez que se tramitan tódolos expedientes que chegan da Xunta de Galicia para atender a eses dependentes que tanto anos estiveron sen valorar.

Don Rafael Vilar manifesta que se vai adiante a chamada lei de racionalización da administración local que está en debate nas Cortes Xerais, promovida polo goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, Dona María Castela vai quedar sen todo este traballo, aínda que cando se aprobe a norma seguramente a concelleira xa non estea na corporación que governe no ano 2015. Daquela estes servizos sociais xa non os prestará o Concello, pois serán de xestión directa autonómica, e supón o sr. Vilar que se acudirá a vías de privatización total ou parcial, pois é importante o pastel a repartir, e seguramente que xa hai empresas con tentáculos que tocan co poder político dispostas a asumir esta parte do pastel.

Con respecto á pretendida “progresividade” proclamada pola concelleira de servizos sociais, opón o concelleiro que só é unha falsa progresividade cando se fala de servizos públicos que deben ter un acceso universal e gratuíto. A progresividade hai que buscala vía fiscal, a través de impostos como o IRPF, e aí o goberno do Partido Popular non a está a buscar.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada da área de servizos sociais do día 20 de novembro deste ano, vistos os informes aos que se fixo mención, e tendo en conta o dictame da comisión informativa da área do social, cultura e servizos, de data 25 de novembro, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 9 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, que se someterá á información pública durante o prazo de trinta días soltos, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, para que os interesados poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

O texto dos artigos que se modifican é o seguinte:

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. Consonte a valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar este servizo prestarase en todas as súas prestacións básicas e poderá incorporar adicionalmente prestacións opcionais.

Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

I) Prestacións: Formarán parte deste servizo as seguintes prestacións básicas:

A) Atencións de carácter persoal:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Tarefas de coidado e hixiene persoal así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos/as.
- Apoio para cambios de postura, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

B) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- Apoio á unidade familiar.
- Coidados e mantemento básico da vivenda.

C) Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

- Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

2. Servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións e servizos de carácter complementario:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c. Adaptacións funcionais do fogar.

d. Servizo de podoloxía.

e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións que polo seu carácter sanitario deban, en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

6. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, en que se recollerá o contido particular das atencións a prestar, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as dúas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.

Artigo 19º .- Regras para a determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica persoal da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.

2. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.

4. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

Artigo 20. Normas de valoración da renda

1. Para a valoración da renda computaranse, no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da persoa usuaria derivados tanto do traballo coma do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecidos pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ou, se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, ou nos casos de persoa usuaria con cónxuxe en réxime de gananciais ou de participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella. Para o caso das parellas de feito rexistradas, aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexan as súas relacións económicas.

Así mesmo, computaranse as rendas derivadas dos seguros privados de dependencia, a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

2. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 % do custo de referencia do servizo.

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. Cando a persoa usuaria teña persoas ao seu cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto de persoas que dependen economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Non obstante, cando a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela e sempre que non presentasen de forma conxunta a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cómputo anterior só se

integrarán as rendas da persoa usuaria e das persoas que dependan economicamente dela, e o resultado dividirase entre o número total de persoas, computadas as persoas ao seu cargo a razón de 0,5. No caso de que presentasen a declaración de forma conxunta, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e máis, de ser o caso, das rendas das persoas ao cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.”

Artigo 21.- Persoa a cargo da persoa usuaria

1. Enténdese por persoas a cargo da persoa usuaria, sempre que reúnan as condicións sinaladas no número 2 deste artigo as seguintes:

- a) Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.
- b) Descendentes da persoa usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e/ou acollemento, menores de vinte e cinco anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade ou incapacitados xudicialmente sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- c) Ascendentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. As persoas referidas no punto anterior para seren consideradas persoas a cargo da persoa usuaria deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que as súas rendas anuais, excluídas as exentas, non superen o importe fixado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas para ter dereito á aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.
- b) Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- c) Que estean empadroadas no domicilio da persoa usuaria cando menos desde un ano antes da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.
- d) Que convivan coa persoa usuaria, como mínimo, 183 días ao ano.”

Artigo 22. Normas de valoración do patrimonio neto

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria dos servizos regulados na presente norma, determinado consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa usuaria.

2. Unicamente se computará a vivenda habitual no caso de que a persoa beneficiaria reciba o servizo de atención residencial ou a prestación económica vinculada a tal servizo e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo na devandita vivenda. Neste caso, o valor que se computará será o valor catastral da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado, aplicada a exención que por vivenda habitual estableza, se é o caso, a normativa do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos entenderase por persoas ao seu cargo as conceptuadas no artigo 21 deste decreto.

3. Computaranse en todo caso as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuíto, a favor do cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4. Para os efectos da valoración do patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.”

Artigo 24º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará unha tabla de **copagamento** de servizo de Axuda no fogar, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e en función da intensidade do servizo asignado (sic), ou naquela outra normativa aplicable e aprobada con posterioridade. en base á **Disposición derradeira primeira, punto 3.1; 3.2 do Decreto 149/2013 do 5 de setembro.**

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h

100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria dependente en concepto de copagamento, poderá exceder o **90% da custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.**”

Artigo 25º Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

1. O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación ao servizo de axuda no fogar.
2. Consistirá na porcentaxe da súa capacidade económica que se estableza, nos tramos indicados nas táboas do anexo II deste decreto.
3. As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40 % do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva da praza.
4. Nos servizos de axuda no fogar que, mediando renuncia da persoa usuaria, sexan prestados por número de horas ao mes inferior as intensidades establecidas nas táboas

que para estes servizos se detallan no anexo II, a participación no seu financiamento será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.”

Artigo 26º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica *per capita*, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do **40% da súa capacidade económica**.

Artigo 27º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

Ao abeiro do artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Santiago de Compostela en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 28º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.

Artigo 29º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 30º.- Nacemento da obriga do pagamento

A obriga de pagar os prezos públicos, consonte coa ordenanza fiscal reguladora do prezo para a prestación deste servizo no Concello de Santiago de Compostela, nace desde que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos previstos nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

Artigo 31º. - Infraccións e sancións

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido polo artigo 6.bis da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para os efectos do establecido no artigo 23 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia,

segundo a redacción dada pola Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2013, excepcionalmente e de forma xustificada, as atencións de carácter doméstico e as de carácter persoal que integran calquera das modalidades do servizo de axuda no fogar reguladas neste decreto, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa individual de atención. A administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación e, en todo caso, o contido particular das atencións que se lle prestarán á persoa beneficiaria deberán quedar reflectidas no acordo de servizo coa entidade prestadora, tal como establece o artigo 14.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela é de titularidade municipal, e será coordinado polos servizos sociais municipais.

Co fin de facilitar a comprensión desta ordenanza, explícanse os seguintes conceptos:

Autonomía: Capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

Dependencia: Estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención ou doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, de apoios para a súa autonomía persoal.

Necesidades de apoio para a autonomía persoal: As que requiren as persoas que teñen discapacidade intelectual ou mental para facer efectivo nun grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

Actividades básicas da vida diaria (ABVD): As tarefas máis elementais da persoa, na súa vida cotiá, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como: o coidado persoal, baño, vestido, transferencias, actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes sinxelas.

Actividades instrumentais da vida diaria: Conxunto de accións que realiza unha persoa permitindo o autosostemento no seu contorno habitual: cociñar, pasar o ferro, manexo de diñeiro etc.

Coidados non profesionais: A atención prestada a persoas en situación de dependencia no seu fogar por persoas da familia ou do seu contorno, non vinculadas a un servizo de atención profesionalizada.

Axudas técnicas: Equipos, dispositivos, aparellos ou adaptacións tecnolóxicas que se utilizan para suplir movementos e axudar nas limitacións funcionais das persoas.

Beneficiarios/as: Persoas que reciben as atencións derivadas do programa e ás que se lles aplica o proxecto de intervención.

Persoal de atención directa: Profesional que materializa as actividades tanto na atención ás necesidades no domicilio como nas de apoio psicosocial, familiar e de relación co contorno, enmarcadas no proxecto de intervención da persoa beneficiaria.

Proxecto de intervención: Documento que xorde como acordo coa persoa beneficiaria da valoración das necesidades que cómpre satisfacer. Establece os obxectivos que se pretenden alcanzar, as tarefas que se van executar e a temporalidade da intervención.

Entidade titular: Concello de Santiago de Compostela, que diseña e define as características do programa e a relación administrativa ou contractual coa entidade prestadora e coa persoa beneficiaria.

Entidade prestadora: Organización que realiza e executa as atencións derivadas do proxecto de intervención ou outros proxectos complementarios de cada persoa beneficiaria.

Servizos complementarios: Actividades que amplían o nivel de atención da axuda a domicilio naqueles aspectos que esta non cobre: lavandería, podoloxía, terapia ocupacional, barbería etc.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Delégase na Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta ordenanza, así como a redacción das instrucións que sexan necesarias para a súa correcta interpretación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

O servizo de atención no fogar no Concello de Santiago de Compostela adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o sistema de autonomía e atención á dependencia (SAAD) de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

1. Establécese o prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor do decreto Decreto 149/2013 de 5 de setembro, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

2. Durante este período, no caso das persoas usuarias dos servizos dispensados pola Administración local, aboarán as contías que veñan establecidas na correspondente ordenanza municipal. As cantidades aboadas polos usuarios dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar neste período, terán a consideración de entregas á conta da liquidación definitiva que se efectuará unha vez determinada a capacidade económica da persoa usuaria, consonte os seguintes prazos.*

a) No prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor da presente norma, o órgano competente solicitará dos usuarios dos que non se determinase a súa capacidade económica a documentación requirida no artigo 17, que sexa necesaria para a determinación da capacidade económica, concedendo para tales efectos o prazo de tres meses para a súa formalización, agás no suposto de que este autorizase ao órgano tramitador para que estes datos poidan ser solicitados directamente no seu nome.

b) No prazo dos seis meses seguintes a que expirase o anterior prazo, o órgano competente, determinará a capacidade económica da persoa usuaria e para o caso dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificaralle dunha banda a liquidación dos importes periódicos a ingresar, consonte o establecido no artigo 31 do presente decreto e doutra a liquidación correspondente as diferenzas existentes entre as contías reivindicadas desde a entrada en vigor da presente norma e as contías aboadas pola persoa usuaria dos servizos no mesmo período, que para estes efectos terán a consideración de cantidades obxecto de regularización. Sempre que a documentación necesaria para a determinación da capacidade económica fose presentada nos prazos establecidos nesta disposición transitoria, a Administración sexa autorizada para o acceso aos datos tributarios correspondentes ou para o caso de incumprimento do prazo de presentación, este non fose debido a causas imputables ao

obrigado, non se devindicarán xuros de mora sobre as cantidades obxecto de regularización.

Para as persoas usuarias dos servizos prestados indirectamente pola Administración, aplicarase o disposto no instrumento que regule a relación contractual entre a Administración e a entidade prestadora dos servizos. Para a Administración local aplicarase o que regulen as correspondentes ordenanzas municipais.

Excepcionalmente durante este período, para os servizos prestados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a persoa usuaria poderá solicitar o réxime de aprazamentos e fraccionamentos, previsto no artigo 26 do presente decreto, para os importes liquidados en concepto de cantidades obxecto de regularización. No suposto de que o resultado da regularización fose negativo, os importes ingresados á conta da liquidación definitiva, serán obxecto de reintegro.

c) No caso de persoas usuarias de servizos prestados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polo Consorcio Galego e Servizos de Igualdade e Benestar así como para o caso dos servizos prestados indirectamente por estas ou prestados a través das entidades locais, será responsabilidade da persoa que exerza a dirección do centro ou a coordinación do servizo de axuda no fogar a colaboración coa respectiva xefatura territorial no proceso de actualización e determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 141, do 26 de xullo de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a ela.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor, ao día seguinte da data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

7. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O informe do día 12 deste mes da xefatura de sección de servizos sociais, que conta co conforme da xefatura do servizo da área de benestar social, xustifica do seguinte modo a necesidade de modificar a vixente ordenanza fiscal 3.30, reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar:

“INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

- O Servizo Público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia, así como na normativa estatal e galega que a desenvolve, e que fixo necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentales e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

- O Concello de Santiago de Compostela sempre optou pola titularidade municipal de dito servizo e desenvolveuse desde o ano 2007 desde o centro de servizos sociais sito na r/ Isaac Díaz Pardo, nº 4 desta cidade e polas unidades de traballo social situadas nalgúns centros socioculturais. A apertura o posta en funcionamento dun centro ou dun programa de servizos sociais estivo condicionada á obtención da correspondente autorización de inicio de actividades nos termos que se sinalan no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito para posibilitar así que as liberdades e iguais entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española. Conforme a dita lei o sistema galego de servizos sociais estruturase en forma de rede, conforme a dous niveles de actuación: a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a su vez, dos modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, e b) Servizos sociais especializados. Los servizos sociais comunitarios, de carácter **predominantemente local**, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a vía normal de acceso ó sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas

usuarias e aos ámbitos familiar e social. Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolveranse desde os **centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares e coa estrutura organizativa que se estableza pola administración titular do servizo, sen prexuízo dos requisitos e dotacións mínimas que regulamentariamente sexan determinadas**. Esta mesma lei establece no seu artigo 11. que é función dos servizos sociais comunitarios básicos letra f) A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación. No Capítulo II da lei que define o catálogo de servizos sociais establece que dentro dos servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica está letra d) A AXUDA NO FOGAR, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual.

- Que con data 23 de xullo de 2010 a Secretaría xeral de Familia e Benestar ditou Resolución de AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES POLO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, e ordenouse a anotación desta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-562/P.0001.

- Coa entrada en vigor do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o Réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b), como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

- Con motivo da entrada en vigor do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia “polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”, (DOG. Nº 63 do 30 de marzo de 2012) e a publicación da Resolución do 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade pola que se publica o Acordo do Consello territorial do Sistema para a autonomía e atención á do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo “de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad”. (BOE nº 168 do 14 de xullo de 2012) redactouse a vixente Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 30/05/13 e publicada no BOP da Coruña Nº 141 de 26/07/13.

- O Concello de Santiago de Compostela establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar na Ordenanza Fiscal 3.30 aprobada polo acordo do Pleno do 30/07/2009

en base á normativa en vigor ata de agora (BOP DA Coruña do 27/10/2009), e a actualmente vixente.

SITUACIÓN ACTUAL

O art. 14 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e seu financiamento establece o contido do servizo de axuda no fogar, que consistirá en actuacións de carácter básico, e servizos de carácter complementario.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) do Concello de Santiago de Compostela contempla unicamente as **actuacións de carácter básico** (art. 14.1) e non as de carácter complementario (art. 14.2) que son opcionais.

O SAF é de titularidade municipal e da competencia da Área de Servizos Sociais. Dito servizo se presta polo Concello de forma directa e ademais mediante a contratación administrativa para a prestación do servizo cunha empresa especializada na materia, na actualidade con Geriatros, S.A.

Este sistema ten que ir adaptándose ás necesidades de cada momento a fin de que as accións que veñen desenvolvendo os poderes públicos neste campo, se configuren como eficaces instrumentos de atención. A partir de aquí, a Comunidade Autónoma de Galicia busca a posta en marcha de novos servizos desde a perspectiva da atención integral, a profesionalización, o respecto, autonomía e participación da persoa nas actividades e funcionamento do servizo. Por todo iso a recente publicación do Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, “polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo” (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013), regula nos:

O artigo 1 do Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia expón que “Constitúe o obxecto da presente norma: ...2 A determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola Administración xeral da CA de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, cando este sexa prestado pola Administración Local”.

Artº 2.2 ... “A participación no financiamento poderá esixirse tanto cando os servizos sexan xestionados directamente, como de xeito indirecto a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

Esta nova normativa autonómica obriga ao cambio da Ordenanza municipal do SAF en canto regula os requisitos e condicións da prestación do servizo municipal de axuda no fogar e que se está tramitando a súa modificación.

Desde o punto de vista do contrato de prestación do SAF, o actual contrato finaliza proximamente e o novo se está a tramitar simultaneamente e que no seu prego de prescricións técnicas prevé como prezos de licitación seguintes:

TIPO SAF	LUNS A SÁBADO	DOMINGOS E FESTIVOS	IVE APLICADO
LIBRE CONCURRENCIA	13.87 €/hora	15.03 €/hora	10%
DEPENDENCIA	13.11 €/hora	14.21 €/hora	4%

Estes prezos son os que actualmente están vixentes no marco do contrato de servizo en vigor.

Consecuentemente cómpre tamén á modificación da Ordenanza fiscal 3.30 da taxa pola prestación de axuda no fogar posto que mudan os supostos de prestación do servizo e do réxime de copago.

O Decreto 149/2013 pretende reconfigurar a atención ás persoas dependentes sobre a base da prestación dos servizos que requira a específica situación de dependencia e a capacidade económica das persoas usuarias, e da intensidade dos servizos recibidos, regulando a contribución financeira das mesmas de modo uniforme para o ámbito autonómico coa única singularidade do custe do servizo. Polo tanto, o réxime de participación económica dos usuarios ven establecido pola normativa autonómica e así debe recollese na ordenanza fiscal municipal.

Consonte ao marco normativo ao que se fai referencia e que confire aos Concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regulada a través da Ordenanza Municipal Reguladora do SAF, e coa finalidade de garantir equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención así como os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago de Compostela está a tramitar a modificación da citada Ordenanza, e fai necesaria a modificación da vixente Ordenanza fiscal 3.30 - TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR nos seguintes artigos para adaptala á normativa autonómica vixente e coordinala coa modificación da ordenanza reguladora do servizo:

Artigo 1º .- Fundamento e Natureza

A xustificación da modificación do artigo 1 basease na necesidade de actualizar a súa fundamentación lexislativa, de xeito que a redacción proposta é a seguinte:

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar atendendo ao establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1.2 O Servizo público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39 / 2006 do 14 de decembro de “Promoción da Autonomía persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia” e demais normativa estatal de desenvolvemento, na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e demais normativa de carácter autonómico que desenvolve a Autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, na Orde do 22 de xaneiro do 2009 “pola que se regula o servizo de axuda no fogar” , no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, “polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”, no Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo “de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad”, no Decreto 149/2013 de 5 de setembro da Xunta de Galicia “polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”, e demais normativa de desenvolvemento aplicable.

1.3 As atencións que se prestan son as reflectidas na Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2.- Feito imponible

Considerase que non procede a modificación deste artigo porque a existencia da taxa ten a súa base nos mesmos termos definidos no vixente artigo 2 da ordenanza 3.30, e os termos e condicións de intensidade seguirán sendo os da Ordenanza do SAF

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada pola Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Artigo 3º .- Suxeito pasivo.

É preciso modificar a definición de suxeito pasivo en función do tipo de acceso ao servizo da persoa usuaria previstas na normativa autonómica e efectivamente prestadas polo Concello. O artigo 17º do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, regula que o acceso ao servizo de axuda no fogar municipal pode realizarse en réxime de libre concorrència ou en réxime de acceso directo.

O réxime de acceso por libre concorrència aplícase ás persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència.

O réxime de acceso directo será prioritario e aplícase ás persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación do servizo . xa sexa o seu acceso directo ou por libre concorrència

Artigo 4.- Responsables

Considerase que non procede a modificación deste artigo porque o cambio normativo que obriga á modificación da ordenanza fiscal non lles afecta.

ARTIGO 4º RESPONSABLES

4.1 Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota Tributaria

Este é o artigo que debe ser obxecto de máis ampla modificación porque o cambio normativo supón unha modificación do réxime e dos importes de copago en función dos distintos tipos de acceso ao servizo.

Solicítase que se requira a quen lle corresponda a emisión dun informe técnico económico do custo do servizo de axuda no fogar de acordo cos seguintes datos:

No caso do **SAF para usuarios de libre concorrência**, e en base á información dispoñible dos meses de xaneiro á outubro de 2013, e tendo en conta a nova proposta de ordenanza fiscal en tramitación, o nº de usuarios medio, horas totais mensuais medias (en días laborables, festivos e domingos), e o copago mensual medioco:

CAPACIDADE ECONÓMICA (referenciada ao IPREM) ATA	Desde	Ata	COPAGO%	Base Imponible				Cota íntegra		
				Nº Usuarios	Total Hs Mes	Hs Fest.	Hs Labo.	Hs Fest.	Hs Labo.	Copago Mes
Inferior ou igual ao 80%	0,00	426,01	0%	27	646	7	639	106,47	9.080,19	0,00
Máis do 80% e iguais ou inferiores ao 100%	426,02	532,51	10%	3	58	1	57	15,21	809,97	82,52
Máis do 100% e iguais ou inferiores ao 125%	532,52	665,64	15%	52	993	9	984	136,89	13.982,64	2.117,93
Máis do 125% e iguais ou inferiores ao 150%	665,65	798,77	20%	14	292	3	289	45,63	4.106,69	830,46
Máis do 150% e iguais ou inferiores ao 175%	798,78	931,89	30%	8	172	2	170	30,42	2.415,70	733,84
Máis do 175% e iguais ou inferiores ao 200%	931,90	1.065,02	40%	2	32	0	32	0,00	454,72	181,89
Máis do 200% e iguais ou inferiores ao 225%	1.065,03	1.198,15	60%	4	68	1	67	15,21	952,07	580,37
Máis do 225% e iguais ou inferiores ao 250%	1.198,16	1.331,28	70%	1	15	0	15	0,00	213,15	149,21
Máis do 250%	1.331,29	>1.331,29	90%	2	36	0	36	0,00	511,56	460,40
				113	2.312	23	2.289	349,83	32.526,69	5.136,62

IPREM mensual 2013: 532,51

Tipo de gravame proposta nova OOFF:

Días laborables 14,21 €/hora
Días festivos e fin de semana 15,21 €/hora

No caso do **SAF para usuarios de dependencia**, e en base á información dispoñible dos meses de xaneiro á outubro de 2013, e tendo en conta a nova proposta de ordenanza fiscal en tramitación, o nº de usuarios medio, horas totais mensuais medias (en días laborables, festivos e domingos), e o copago mensual medio, estes son os datos para o estudio económico:

CAPACIDADE ECONÓMICA (referenciada ao IPREM) ATA			GRAO I (<=20 h)				GRAO II (<=45 h)				GRAO III (<=70 h)			
	DE	ATA	Nº USUARIOS MENSUALES MEDIOS	Nº HORAS MES LABORABLES	Nº HORAS MES FESTIVOS	COPAGO MENSUAL MEDIO	Nº USUARIOS MENSUALES MEDIOS	Nº HORAS MES LABORABLES	Nº HORAS MES FESTIVOS	COPAGO MENSUAL MEDIO	Nº USUARIOS MENSUALES MEDIOS	Nº HORAS MES LABORABLES	Nº HORAS MES FESTIVOS	COPAGO MENSUAL MEDIO
ATA 100 %	0,00	532,51					12	410	34	0,00	16	770	61	0,00
ATA 115%	532,52	612,39									3	181	22	225,00
ATA 125%	612,40	665,64												
ATA 150%	665,65	798,77					6	261	10	463,00	8	494	32	940,00
ATA 175%	798,78	931,89					1	42	0	100,00	1	60	3	145,00
ATA 200%	931,90	1.065,02					1	38	2	104,00	1	79	6	215,00
ATA 215%	1.065,03	1.144,90												
ATA 250%	1.144,91	1.331,28									1	37	0	122,00
ATA 300%	1.331,29	1.597,53									2	68	13	346,00
ATA 350%	1.597,54	1.863,79												
ATA 400%	1.863,80	2.130,04					1	32	0	195,00	1	58	0	360,00
ATA 450%	2.130,05	2.396,30												
ATA 500%	2.396,31	2.662,55												
>500%	2.662,56	2.662,55												
							21	783	46	862,00	33	1.747	137	2.353,00

O apartado denominado “Nª horas” refírese en ambos cadros a número horas/mes.

O réxime e importe do copago dos usuarios ven establecido na normativa autonómica, concretamente no Decreto 99/2012 e no Decreto 149/2013.

Respecto ao **réxime de libre concorrencia**, o artigo 62 do Decreto 99/2012 establece unha participación económica do usuario tendo en conta o custe do servizo e a capacidade económica do usuario referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e fixa coeficientes máximos de participación sobre o custe do servizo en función de dita capacidade económica. Tamén establece un límite máximo de participación económica das persoas usuarias nun 40% da súa capacidade económica. Neste marco, propónse a aplicación dunha táboa con oito tramos que enténdese xusta e adecuada á realidade do Concello de Santiago de Compostela.

Respecto ao **réxime de acceso directo**, o artigo 24 do Decreto 149/2013 establece que o sistema de participación económica do usuario será mediante cálculo directo sobre a capacidade económica do usuario. A táboa de copagamento que é obrigado aplicar regúlase no artigo 61 do decreto 99/2012 modificado pola disposición derradeira primeira do Decreto 149/2013. O copago fíxase de xeito uniforme para todas as entidades locais en función da capacidade económica do usuario e da intensidade do servizo. Ademais, establece un límite de copago no 90% do custo do servizo de cada municipio determinado en termos de prezo/hora

En base a normativa aplicable, o contido proposto do artigo 5 da cota tributaria é o seguinte:

ARTIGO 5º COTA TRIBUTARIA

5.1 A cota tributaria do réxime de libre concorrencia calcularase do seguinte xeito:

A.- A base imponible estará constituída polo tempo de utilización do servizo, medido en horas, por parte da persoa usuaria.

B.- O tipo de gravame é o prezo unitario por hora de servizo que se establece en

- para días laborables de luns a sábado: 14,21 euros.
- para domingos ou días festivos: 15,21 euros.

C.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible (número de horas da prestación) ó tipo de gravame (prezo por hora do servizo) e as seguintes porcentaxes de participación:

Capacidade Económica (referenciada ao IPREM)	Porcentaxe de participación
Inferior ou igual ao 80%	0%
Máis do 80% e igual ou inferior ao 100%	10%
Máis do 100% e igual ou inferior ao 125%	15%
Máis do 125% e igual ou inferior ao 150%	20%
Máis do 150% e igual ou inferior ao 175%	30%
Máis do 175% e igual ou inferior a 200%	40%
Máis do 200% e igual ou inferior ao 225%	60%
Máis do 225% e igual ou inferior ao 250%	70%
Máis do 250%	90%

D.- En calquera caso, establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias por libre concorrencia do 40% da súa capacidade económica.

5.2.- A cota tributaria do réxime de acceso directo calcularase do seguinte xeito:

A.- A base imponible estará constituída polo importe da capacidade económica da persoa usuaria

B.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible (capacidade económica) as seguintes porcentaxes de participación en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h

100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

C.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

Achégase como Anexo ó presente informe os cadros explicativos da minoración proporcional das porcentaxes en función das horas efectivas.

D.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa usuaria en réxime de acceso directo en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% da custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 6º.- Beneficios fiscais

Artigo 7º.- Obriga de contribuír

Artigo 8º.- Normas de xestión

Considerase que non procede a modificación destes artigos porque o cambio normativo que obriga á modificación da ordenanza fiscal non lles afecta.

ARTIGO 6º BENEFICIOS FISCAIS.

Non se outorgarán beneficios salvo os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados dos tratados internacionais.

ARTIGO 7º OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a prestación do servizo.

ARTIGO 8º NORMAS DE XESTIÓN

8.1 As normas de altas, modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2 As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días naturais de cada mes.

8.3 O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante ou usuaria do servizo de axuda no fogar deberá indicar no modelo oficial que lle será facilitado polo Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Será de aplicación a ordenanza fiscal 3.30 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar aprobada por acordo do Pleno da Corporación o 30/07/2009 e publicada no BOP da Coruña do 27/10/2019 ata a entrada en vigor deste novo texto que se comezará a aplicar unha vez entre en vigor o novo texto da ordenanza reguladora do SAF.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada e comezará a aplicarse o día seguinte da entrada en vigor do novo texto da ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR que substitúa á aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 30/05/2013, e será de aplicación ata non se acorde a súa modificación ou derogación.

Por todo isto PROPOÑEMOS:

- Que en base ó anterior sean iniciados os trámites oportunos para proceder á modificación da OOFF 3.30 para adaptala á normativa vixente.
- Que se remita dita proposta da Concelleira delegada da Área de Servizos Sociais de modificación da OOFF 3.30 á Concelleira da Área de Facenda.
- E que se requira a quen lle corresponda a emisión dun estudio económico do custo do SAF no Concello de Santiago de Compostela.”

Consta no expediente un informe técnico-económico do custe do servizo, elaborado polos servizos económicos municipais, informe da secretaría xeral do Pleno-Dirección da asesoría xurídica, día 19 de novembro, sobre o procedemento para a aprobación da modificación proposta, e acordo adoptado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, do día 21 seguinte, aprobatorio do proxecto de modificación.

Finalmente cómpre transcribir o informe que emite a Tesourería Municipal o día 19 de novembro, que ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES:

1.- O Concello ten aprobada e en vigor a ordenanza 3.30 que regula a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

2.- Con data 19 de novembro recíbese na Tesourería a proposta da Concelleira delegada da área de Servizos Sociais para “aprobar unha modificación da ordenanza sobre a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar” achegando tamén informe da xefa de sección de servizos sociais que recolle a proposta de modificación e informe técnico económico do custo do servizo de axuda no fogar (SAF).

CONSIDERACIÓNS:

En relación coa proposta de modificación da Ordenanza presentada pola Concellería delegada da área de Servizos Sociais compre realizar as seguintes consideracións.

Redacción da ordenanza:

A modificación proposta ten por obxecto adecuar a redacción da Ordenanza á normativa autonómica, fundamentalmente ao Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e ao Decreto 149/2013, que define a cartera de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

As modificacións da normativa autonómica afectan basicamente ao tipo de acceso ao servizo e ao réxime de copago, de obrigado cumprimento para os Concellos, e constitúen a base do cambio da regulación da ordenanza fiscal.

O Servizo de Benestar Social di que está a tramitar simultaneamente a modificación de ordenanza SAF, e de xeito coordinado coa modificación da ordenanza fiscal.

O contido da proposta de modificación en base á normativa autonómica estímase correcto coas precisións indicadas no parágrafo seguinte. Tamén pode entenderse que se adapta á modificación da ordenanza SAF en canto que así o recolle o informe e a proposta do Servizo de Benestar Social, aínda que é este Servizo o responsable de que a modificación da ordenanza SAF se esté a tramitar nos mesmos termos para garantir que a aplicación da taxa se axusta á normativa propia municipal.

A proposta non modifica o artigo 2 da ordenanza fiscal que define o feito imponible como a prestación do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada pola Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar (ordenanza SAF). e, polo tanto, a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal debe axustarse á entrada en vigor da nova ordenanza SAF. Por iso, esta Tesourería propón modificar a disposición final proposta para garantir o cumprimento da legalidade nos prazos de entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal pero tamén a súa adaptación á data de entrada en vigor da nova Ordenanza do servizo SAF. Considerase tamén que non é necesaria a disposición transitoria proposta por canto a vixencia da ordenanza fiscal vixente queda amparada pola disposición final proposta pola Tesourería.

Informes técnico - económicos:

O artigo 24.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pólo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dispón que “En xeral, e consonte co previsto no parágrafo seguinte o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida. Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola prestación ou realización pola que se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase conforme ao presuposto e proxecto aprobados polo órgano competente”.

O artigo 25 do texto citado, relativo aos acordos de establecemento de taxas -redactado con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, polo apartado un do artigo 14 de la Lei 16/2012, de 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica-, establece “Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico - económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custe de aqueles,

respectivamente. Dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

Non resultará preciso acompañar o informe técnico – económico a que se refire o parágrafo anterior cando se trate da adopción de acordos motivado por revalorizacións ou actualizacións de carácter xeral nin nos supostos de diminución do importe das taxas, agás no caso de redución substancial do custo do servizo correspondente.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior considerarase que a redución é substancial cando se prevea que a diminución do custo do servizo vaia ser superior ao 15 por cento do custe do servizo previsto no estudo técnico – económico previo ao acordo de establecemento ou de modificación substancial inmediato anterior. Para xustificar a falta do informe técnico – económico, o órgano xestos do gasto deberá deixar constancia no expediente para a adopción do acordo de modificación dunha declaración expresiva do carácter non substancial da redución”.

No expediente consta informe técnico económico do custo do servizo de axuda no fogar (SAF) que conclúe que “os ingresos aportados polas persoas usuarias do servizo derivadas da aplicación da modificación proposta polo servizo xestor para a taxa polo servizo de axuda no fogar, non supera o custo do servizo, e polo tanto, a proposta de modificación da ordenanza fiscal pretendida polo servizo xestor, axústase ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL.”

Tramitación:

A.- A normativa aplicable para calquera modificación das ordenanzas reguladoras de ingresos públicos é a seguinte:

1. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante) artigos 49; 70.2; 106, 107, 111, 123.1 e 127.1 a).
2. Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRFL) artigos 12, 15 a 19; 20 a 27; 41 a 47; 103;108 e 214.
3. Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos
4. Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e normativa de desenvolvemento
5. Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, Título VI.

B.- Desde o punto de vista da tramitación do expediente, en base á normativa aplicable, requírese:

1. proposta da Concellaría delegada da Área de Facenda e Administración Pública
2. informe da Asesoría Xurídica
3. informe de Intervención
4. aprobación do proxecto de modificación das Ordenanzas de ingresos públicos pola Xunta de Goberno Local
5. ditame da Comisión Informativa
6. aprobación polo Pleno
7. exposición ao público do acordo no taboleiro de edictos, no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia, para presentación de reclamacións durante un prazo de 30 días hábiles
8. acordo de aprobación definitiva se hai reclamacións e, no caso contrario, entenderase elevado a definitivo o acordo inicial
9. publicación no BOP, e entrada en vigor a partir desa publicación

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

En virtude do exposto, e sen prexuízo de mellor criterio, considerase que a Concellaría delegada de Facenda debe propor a modificación da ordenanza fiscal de axuda no fogar, e a súa tramitación nos termos sinalados neste informe.

Achégase o texto da proposta de redacción da modificación da Ordenanza fiscal cos cambios sinalados en negra.”

De conformidade coas propostas da concelleira-delegada da área de servizos sociais do día 12 de novembro deste ano, e da concelleira-delegada de Facenda, do 19 seguinte, vistos os informes aos que se fixo mención, e tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, de data 25 de novembro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 9 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal 3.30, reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, que se someterá á información pública durante o prazo de trinta días soltos, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais dos de máis difusión na provincia, para que os interesados poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, o acordo entenderase definitivamente adoptado.

O texto dos artigos que se modifican é o seguinte:

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar atendendo ao establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1.2 O Servizo público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39 / 2006 do 14 de decembro de “Promoción da Autonomía persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia” e demais normativa estatal de desenvolvemento, na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e demais normativa de carácter autonómico que desenvolve a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, na Orde do 22 de xaneiro do 2009 “pola que se regula o servizo de axuda no fogar”, no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, “polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”, no Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo “de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad”, no Decreto 149/2013 de 5 de setembro da Xunta de Galicia “polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”, e demais normativa de desenvolvemento aplicable.

1.3 As atencións que se prestan son as reflectidas na Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela.

ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación do servizo, xa sexa o seu acceso directo ou por libre concorrencia.

ARTIGO 5º COTA TRIBUTARIA

5.1 A cota tributaria do réxime de libre concorrencia calcularase do seguinte xeito:

A.- A base imponible estará constituída polo tempo de utilización do servizo, medido en horas, por parte da persoa usuaria.

B.- O tipo de gravame é o prezo unitario por hora de servizo que se establece en

- para días laborables de luns a sábado: 14,21 euros.
- para domingos ou días festivos: 15,21 euros.

C.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible (número de horas da prestación) ó tipo de gravame (prezo por hora do servizo) e as seguintes porcentaxes de participación:

Capacidade Económica (referenciada ao IPREM)	Porcentaxe de participación
Inferior ou igual ao 80%	0%
Máis do 80% e igual ou inferior ao 100%	10%
Máis do 100% e igual ou inferior ao 125%	15%
Máis do 125% e igual ou inferior ao 150%	20%
Máis do 150% e igual ou inferior ao 175%	30%
Máis do 175% e igual ou inferior a 200%	40%
Máis do 200% e igual ou inferior ao 225%	60%
Máis do 225% e igual ou inferior ao 250%	70%
Máis do 250%	90%

D.- En calquera caso, establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias por libre concorrencia do 40% da súa capacidade económica.

5.2.- A cota tributaria do réxime de acceso directo calcularase do seguinte xeito:

A.- A base imponible estará constituída polo importe da capacidade económica da persoa usuaria.

B.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible (capacidade económica) as seguintes porcentaxes de participación en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %

250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

C.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

D.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa usuaria en réxime de acceso directo en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% da custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinteoito de novembro de 2013, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de xxxx de xxxx. Comezará a aplicarse a partir da data que entre en vigor a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día xxxx de xxxx de xxxx, e nunca antes do día seguinte á publicación do acordo definitivo de modificación da ordenanza fiscal no boletín oficial da provincia, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

8. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 1.047.504,90 EUROS.

Dona Cecilia Sierra explica que se trae hoxe ao pleno a aprobación de recoñecementos extraxudiciais de operacións anteriores a 2013, financiadas con remanente positivo a través do crédito extraordinario 2013-CREXT-54.

Esta aprobación se formula en base a tres supostos de base que marcan a partir de agora a tramitación de certos recoñecementos extraxudiciais. En primeiro lugar, as facturas corresponderán a exercicios anteriores e que inicialmente non contan con crédito suficiente para ser financiadas. Neste caso, ao corresponder a exercicios anteriores e non contar con crédito presupostario adecuado, éste foi habilitado no pleno do mes de

outubro a través do remanente líquido positivo de tesourería obtido en 2012, é dicir, este punto da orde do día non deixa de ser unha continuación do expediente xa iniciado nese pleno.

O segundo paso consiste na propia aprobación das facturas por parte dos centros xestores, cuestión que se está a abordar agora, ao contar todas elas con crédito adecuado.

Hai que ter en conta un feito que marcou a forma de tramitación dos recoñecementos extraxudiciais moi recentemente, e que difire con respecto ao procedemento seguido polo Concello ata o momento, e é que existe unha sentenza que determina que deberá ser o pleno o que aprrobe todas aquelas facturas de recoñecementos extraxudiciais que non conten con crédito no momento do devengo, por iso hoxe por primeira vez se trae a pleno un expediente desta natureza, tendo en conta esta circunstancia que afecta ás grandes cidades, como é o caso de Santiago.

Desta forma, se traen a aprobación 423 facturas por un importe de 1.047.504,90 euros. A financiación destas facturas ven determinada polo remanente líquido de tesourería. Ata o ano 2013, o Ministerio de Economía e Facenda establecía que o remanente positivo tiña que ir destinado a amortizar débeda, e diante da inxustiza que supoñía que os concellos que xestionaban ben, é dicir con remanente positivo, tiveran que destinar este superávit a pagar débeda, o Ministerio de Economía e Facenda, dentro da súa lei de estabilidade presupostaria, decidiu cambiar a normativa ao respecto, e a través dunha interpretación no mes de agosto do seu artigo 32 establece que o remanente se pode destinar en primeiro lugar, a pagar facturas pendentes, que é o caso que nos ocupa, e en segundo lugar a financiar investimentos.

Para iso, o concello debe ter un nivel de endebedamento por debaixo de límite legal de ingresos correspondentes sobre gasto financeiro, establecido nun 75%, requisito que Santiago cumpre. En segundo lugar, o concello debe ter estabilidade orzamentaria, é dicir, os ingresos dos capítulos 1 a 7, deben estar por riba dos gastos do 1 ao 7, matizando esta cifra cunha serie de axustes. Santiago tamén cumpre co requisito e presenta estabilidade. Por último, o remanente debe ser positivo, como así ocorre agora.

Para a concelleira debe quedar claro que a proposta que hoxe trae a pleno é consecuencia do que veu ao último pleno en relación aos créditos extraordinarios, e se basea na boa xestión económica levada a cabo polo equipo de goberno. Hai que dicir de novo, e recalcar que esta aprobación é debida a unha circunstancia sen precedentes neste concello, como é a existencia de remanente líquido de tesourería positivo en 2012, por importe de 1,9 millóns de euros.

Engade a concelleira que cómpre lembrar que os ratios que manexa o grupo popular ao

entrar a gobernar distan moito dos que acaba de mencionar en números azuis, e a 1 de xullo de 2011, a tendencia a números vermellos denotaba o estado de saúde das contas municipais, que estaban na UCI das finanzas.

Desta forma, o volume de débeda se atopaba por riba da porcentaxe marcada por lei do 75%, e no ano 2008, ademais, os ratios de solvencia e autonomía, así como os períodos medios de cobro e pago a provedores ían empeorando cada ano de goberno bipartito, facendo que Santiago fose cada día máis dependente doutras administracións. Ademais, os plans de saneamento establecidos dende o 2007 se incumpriron sistemáticamente. Pero o máis preocupante era que tanto a cifra de estabilidade financeira como o remanente líquido de tesourería, que son os parámetros máis importantes que arrojan as liquidacións das contas municipais, eran negativos de forma recorrente.

Cando o grupo popular entrou a gobernar, a cifra de remanente líquido de tesourería ascendía a menos 2,6 millóns de euros. En 2011, coas políticas de contención de gasto innecesario levadas a cabo por este goberno, se cumpriu o plan económico financeiro do Concello por primeira vez na historia, e a cifra arroxada na liquidación de 2011 mellorou pasando a ser menos 1,4 millóns de euros.

En 2012, grazas a varias circunstancias, como presupostos con base realista de ingresos, un plan de axuste ao que en 2012 obrigatoriamente houbo que acudir para pagar facturas pendentes, a continuación das políticas de control de gasto superflúo e outras medidas deste calado, os resultados obtidos foron ben distintos, e Santiago logrou ter un remanente positivo de tesourería concretamente de case dous millóns de euros, e grazas a esta circunstancia hoxe se pode afrontar a financiación destas facturas e en consecuencia a súa aprobación.

Por último di a concelleira que lle gustaría contar co voto favorable dos grupos da oposición a esta modificación, que se traducirá en que moitas empresas e familias comostelás contén nos seus bolsillos con máis dun millón de euros.

Don Rubén Cela di que acabamos de sufrir un auténtico “deja vu” coa intervención da concelleira, que repite unha e outra vez a mesma cantinela. En calquera caso, hoxe o que se presenta para a súa aprobación no pleno é o recoñecemento extraxudicial de crédito por un importe 1.047.504,90 euros, e ten que ser o pleno o órgano competente porque hai unha sentenza, a 161/2013, de 26 de setembro, do Tribunal Constitucional, na cal se indica que aqueles recoñecementos extraxudiciais que tiveran respaldo orzamentario seguirán aprobándose en Xunta de Goberno, pero aqueles que non o tiveran no momento do seu devengo, como é o caso desta cantidade, dos 1.047.504,90 euros, terán que aprobarse a partir desa sentenza polo pleno municipal.

Isto só é unha parte, pois a realidade é que neste mes o Concello de Santiago aprobou tres recoñecementos extraxudiciais de crédito por case tres millóns de euros, en concreto por un importe de 2.723.057,69 euros, e deses case tres millóns hai unha parte significativa que para o BNG non ten discusión. En concreto, o primeiro recoñecemento extraxudicial que hoxe non precisa da aprobación no pleno, o 85% do total, que aproximadamente era un millón e medio de euros, se corresponde coa prestación de servizos que actualmente están recorridos por vía xudicial, como son limpeza, telefonía, conserxería e instalacións deportivas. Nestes casos é a propia lei a que indirectamente obriga a recorrer a esta figura do recoñecemento extraxudicial de crédito, polo que o seu grupo non ten nada que obxectar. Cousa diferente é o caso dalgunhas outras facturas menores en importe, que o concelleiro entende que directamente son froito dunha mala xestión.

Sen embargo, o crédito que ven hoxe a pleno é dunha natureza diferente, pois na práctica trátase de darlle continuidade a algo que o Partido Popular aprobaba en solitario no mes de setembro, a aprobación daquel crédito extraordinario de 187.111,97 euros e dun suplemento de crédito por importe de algo máis dun millón de euros, en concreto 1.006.944,49 euros, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, para liquidar débedas de acredores pendentes de aplicar ao orzamento por valor de 1.194.000 euros.

A realización daquel expediente de modificación de créditos, e agora este recoñecemento extraxudicial de crédito, o que ven é a darlle a razón a todo o que o Bloque Nacionalista Galego leva denunciando e demandando dende que o goberno municipal publicou a liquidación do exercicio 2012, e dende que comezou a elaboración do orzamento do ano 2013.

Aquela liquidación do orzamento municipal do ano 2012 presentaba un remanente líquido de tesourería de 1.890.000 euros, un resultado que hoxe é evidente que falseaba a realidade, xa que estaba baseado nunha intencionada trampa contable moi simple, que era a omisión deliberada de partidas de gasto no orzamento por máis dun millón de euros, gasto correspondente ó capítulo II. O que o goberno fai agora é incorporar a este exercicio, despois de non telo contemplado fai uns meses no orzamento, todas aquelas facturas e algunha máis que o BNG ten denunciado que non se contabilizara. Isto significa que o goberno intentou vender, e hoxe volve a facelo falando dunha situación sen precedentes, que había un remanente positivo de tesourería de 1,8 millóns, cando realmente sabía que deses 1,8 millóns, 1,2 millóns se correspondían con facturas sen pagar, e que polo tanto ese resultado maillaba a realidade.

Hoxe estamos a debater este recoñecemento extraxudicial de crédito, non porque o equipo de goberno xestione ben, senón máis ben por todo o contrario. Isto debía estar contemplado no orzamento aprobado fai uns meses, e por moi mal que se fagan

algunhas cousas, dende logo non é crible que no momento da elaboración daquel orzamento os concelleiros populares non souberan que existían facturas correntes, como as da luz, sen contabilizar orzamentariamente. Só as facturas correspondentes con temas de alumado público suman neste expediente 574.481 euros, o que significa que máis do 50% do crédito que se vai aprobar hoxe vai dirixido a facturas que teñen que ver directa ou indirectamente coa luz, todas do ano 2012 ou do último trimestre do ano 2011.

Polo tanto, o que resulta evidente é que as empresas teñen que cobrar os traballos realizados, pero tamén que se o goberno xestionara doutro xeito non habería porque estar pagando o cableado roubado a Daviña, ou outro tipo de facturas, e por ese motivo o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vaise abster neste punto.

Para Don Francisco Reyes, que intervén seguidamente, hoxe estamos a asistir ao último acto dun proceso que se podería chamar dunha maneira xenerosa “decorativo-contable”, por non empregar a expresión de maquillaxe contable. Para o seu grupo, o inicio do proceso vai un pouquiño máis lonxe da aprobación dese crédito extraordinario no mes de setembro, e se sitúa na presentación da liquidación do orzamento de 2012, onde o informe do interventor di que a 31 de decembro de 2012, particularmente na conta 413 do Plan xeral de contabilidade pública, de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, aparece un saldo acredor que se cifra en 1.633.806,04 euros, que se correspondían con débedas contraídas polo Concello que non contaban con cobertura orzamentaria, ou ben que se tivo omitido a súa contabilización no exercicio de orixe das obrigas, polo que o seu abono tiña obviamente que producirse mediante o que estamos a facer hoxe, a sustanciación dos correspondentes procedementos de recoñecemento extraxudicial de crédito. Nesa contía incluíanse efectivamente 83 mil euros, o 5,5% do total, en facturas correspondentes a exercicios anteriores ao da liquidación de 2012. Nos correspondentes informes de intervención de xullo de 2011 si constaba a retención de crédito para todas esas facturas previas, polo que a cuestión que o seu grupo plantexou no seu momento en pleno, e nas alegacións posteriormente presentadas, foi dilucidar por qué non se recoñeceron e pagaron esas facturas, e si se pagaron outras con datas posteriores, non cumprindo polo tanto o principio de prelación de pago, pese a que o Concello tivo recorrido a un crédito no marco do plan establecido polo goberno do Estado para a solventar o pago a provedores, e polo tanto, coa consecuencia de ter aprobado un plan de axuste.

Lembra seguidamente o concelleiro que as preferencias de pago marcadas pola propia Lei de Facendas Locais implican atender en primeiro lugar aos gastos de persoal, pero despois ás obrigas de exercicios pechados, pois o artigo 187 da Lei de Facendas Locais di que en todo caso deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores, o mesmo que ven a plantexar o artigo 65 do Real Decreto 500/1990, que esixe que a expedición das ordes de pago atenda prioritariamente

ós gastos de persoal e ás obrigas contraídas en exercicios anteriores. Do mesmo xeito, as obrigas do exercicio corrente, en todo caso, deberán seguir no seu pagamento o criterio de antigüidade novamente, en aplicación, neste caso, do artigo 74.2 da Lei 30/1992, que obriga tamén ó libramento dos expedientes pola rigurosa orde de incoación, salvo resolución motivada, que non existiu neste caso. Por se quedara algunha dúbida, a lei de loita contra a morosidade a resolve fixando como data de cómputo de inicio de prazo a presentación de facturas polo Rexistro do Concello; ademais, evidentemente e por outra banda, o que se pretende é non deixar ao arbitrio e vontade dunha das partes, neste caso, a administración, que decide recoñecer unha obriga dando por boa a factura, para que empece a contar o prazo, pois un concello podería demorar canto quixera ese recoñecemento prexudicando os provedores. Dende logo, co plantexamento contable do goberno municipal, non se sostén a afirmación de que non poden facer unha boa xestión porque tiñan cantidade de facturas pendentes nos caixóns.

A concelleira indicaba que o remanente de 1.890.310,25 euros, froito da liquidación do orzamento do ano 2012, era o resultado dunha boa xestión, cando a realidade é que tal remanente foi consecuencia de non pagar as facturas que tiñan que ter pagadas, para dar precisamente esa imaxe de boa xestión da que se sentía o goberno tan orgulloso. Sen embargo, agora compróbase que a xestión non era tan boa, porque estamos a adicar ese remanente a pagar as facturas que tiñan que estar pagadas.

Pola aplicación da doutrina do enriquecemento inxusto, baseada na xurisprudencia do Tribunal Supremo, que obriga a face-lo pagamento como indemnización substitutiva, non como pago pola prestación de servizos, é a razón pola que o seu grupo non vai votar en contra nesta ocasión, senon que se vai abster, desexando que este sexa o último capítulo desta obra.

Á Sra. Sierra, que fala seguidamente, lle sorprenden as declaracións tanto do señor Cela como do señor Reyes. Di que hoxe se trae o recoñecemento extraxudicial a Pleno, pero que no ano 2009 houbo moitas xuntas de goberno nas que se aprobaban recoñecementos extraxudiciais. En moitas ocasións, estes recoñecementos fan referencia aos recursos especiais que presentan moitas empresas, que o que fan é dalgunha maneira manter os prezos que tiñan establecidos fai moitos anos debido a situación de crise, e non axustarse aos novos prezos dos novos contratos. Esta é unha circunstancia especial, que nestes momentos está a afectar a moitas administracións locais, no sentido de que na actualidade poderíanse aforrar moitos custes sacando os novos concursos a adxudicación, o que non se fai porque se presentan eses recursos especiais.

A seguir a concelleira quere falar de ocultar e maquillar, o que di que facían os gobernos anteriores ata o punto de que no ano 2008 o bipartito ocultou no caixón máis de tres millóns de euros, que non aparecían por ningunha parte, en ningunha conta, nin

en ningunha liquidación, e tivo que ser o goberno popular o que advertira desta circunstancia, e a partir dese momento, foi cando comezaron os gobernantes anteriores a reflectir eses importes de operacións pendentes nas liquidacións, aínda que nunca os orzamentaron, o que lles impide vir agora a dicir como hai que facer as cousas.

Opón seguidamente que a prelación de pagos se establece no momento no que se aproba a factura, non en relación á data de presentación, e as facturas incluídas no recoñecemento estaban pendentes de aprobar. Con respecto ó superávit orzamentario final, di que lle dou a razón o Ministerio de Economía e Facenda, pois é o remanente líquido de tesourería, que este goberno logrou que fose positivo

A continuación fai referencia a Sra. Sierra á acta de arqueo que recibiron cando entraron a gobernar, do 1 de agosto de 2011, na que figuraban como pendentes de pagamento 14 millóns de euros, e di que dende aquela, das facturas dos gobernos anteriores se pagaron exactamente 18.567.595,84 euros, ós que hai que engadir outros 160 mil que van neste recoñecemento extraxudicial, e os que sigan vindo, porque a realidade é que van aparecendo facturas nos caixóns pendentes de pagar. O seu goberno, di a concelleira, asumiu a súa responsabilidade dende que empezou a gobernar, pagando os servizos prestados antes, e os de agora.

Auséntase do salón de Plenos a concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano.

Don Rubén Cela indica que a concelleira de facenda non o escoita coa debida atención, pois o que dixo o concelleiro anteriormente foi que dos case 2.700.000 de créditos extraxudiciais que se van aprobar este mes, cun millón catrocentos e pico mil euros o seu grupo non tiña ningún problema, e se inclúen nesta cantidade facturas de sermasa, do ISS, ou de telefónica. No que atinxe ós recursos especiais, sostén o sr. Cela que a lei dá para facer moitas cousas tremendamente prexudiciais para o conxunto dos cidadáns, pero a lei está así, hai que cumprila, e ao que obriga a lei, a fin de contas, é a que haxa que tramitar eses pagamentos por recoñecementos extraxudiciais de créditos, o que para o BNG non supón ningún problema.

A seguir, indica o concelleiro que a contía de 1.800.000 euros de remanente da liquidación de 2012 non é o número real, porque nela había un millón douscentos mil euros en facturas que non aparecían contempladas, e niso estriba o problema, en que hai 1.800.000 de remanente dos que habería que descontar 1.200.000 de facturas, de facturas da luz, do alumeadado público de Santiago do ano 2012, e do último trimestre do 2011, e supón o sr. Cela que cando se elaborou o orzamento ese dato xa era coñecido. En calquera caso, o goberno, á parte de dar todos os días leccións de historia, debería gobernar e xestionar o mellor posible, facendo os seus deberes. Nun mes se levan a aprobar tres millóns de recoñecementos extraxudiciais de crédito, unha parte xustificadas e outra non, o que ven a confirmar o que o BNG xa dixo ao longo da

tramitación tanto da liquidación como do orzamento de 2013, de que aquelas contas non eran reais, e hoxe, coa culminación deste proceso, o que se certifica é que todo o que ven defendendo ata agora o Bloque Nacionalista Galego se está a cumprir paso por paso.

En calquera caso, o importante é que hai que pagar, e é unha mágoa que a empresas como Daviña eses pagamentos se teñan que facer tan tarde, nalgúns casos incluso demasiado tarde, pero en definitiva o que é evidente é que un servizo prestado hai que pagalo dun xeito ou doutro, e iso é o que motiva a abstención, non o voto contrario.

Don Francisco Reyes non pon en dúbida que o que a Sra. Sierra indica cos seus números sexa a visión da súa xestión. Con respecto á prelación de pagos, repite que a lei de loita contra a morosidade di textualmente que o inicio do prazo para o pago é o da presentación de facturas no rexistro do Concello.

Por outra banda, afirma que do total de 1.047.504,90 euros, só 119.006,9 euros son de facturas previas a xullo de 2011, o que representa o 11,36%, polo tanto, o que para o grupo socialista é difícil de aceptar dende calquera punto de vista é que o problema de falta de pago sexa do 11,36% e non o do 88,64% restante, que suma por certo 928.490 euros. Pon como exemplo que facturas de Daviña anteriores a xullo de 2011 neste grupo que agora se está a recoñecer extraxudicialmente suman 7.523,47 euros, e facturas pendentes de recoñecemento extraxudicial de crédito posteriores a xullo de 2011 suman 202.020 euros, polo tanto é claro onde está verdadeiramente o problema.

Asemade, o concelleiro afirma que os números que baralla o goberno municipal non coinciden cos que plantexa o Ministerio de Economía, que di que a débeda viva neste concello incrementouse no 2012 con respecto ao 2011 nun 9,49% .

No que si hai que dar a razón á Sra. Sierra é que con ela diminuíu o gasto público, pois si que baixou un 9,2% con respecto ao 2011, e un 22,8% con respecto ao 2010, polo tanto, o que si é certo é que nestes momentos o noso concello ten menos capacidade para poder dar resposta ás necesidades dos veciños e veciñas.

Por outra banda, con respecto aos deberes, tamén cómpre que a Sra. Sierra faga os seus, pois nos caixóns, á parte de facturas, tamén hai informes, algúns deles dos que o grupo municipal socialista leva un tempo esperando.

Para o Sr. Alcalde, que remata o debate deste punto, como o que queda claro é que os grupos da oposición hoxe non poden votar en contra, entón buscan un subterfuxio para absterse, aínda que por coherencia deberían votar a favor, pois na relación hai ducias de facturas de 2005 e 2006, o que significa que o 1 de xullo de 2011, cando o grupo popular entrou a gobernar, esas facturas non estaban pagadas, e isto si é morosidade.

A lei de morosidade di que o que non paga é moroso, e os gobernos anteriores foron morosos durante moitos anos, o que provoca que o actual siga pagando o que non se pagou. A acta de arqueo de 1 de xullo de 2011 indicaba unha débeda financeira de 70 millóns de euros, unha débeda con provedores de 14,5 millóns de euros, e como se levan pagado 18,5 millóns e medio de facturas, hai 4 millóns e pico que non existían na acta de arqueo, o que habería que investigar debidamente.

De conformidade co oficio asinado o pasado día 18 de novembro pola Concelleira de Administración Pública e polo Sr. Interventor de Fondos Municipais, e tendo en conta o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do día 25 de novembro deste ano, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, incluída a da concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales, ausente no momento da votación (art. 100 R.O.F), aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 1.047.504,90 euros, conforme á relación que acompaña ao expediente denominada Anexo-2, en execución do expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito nº 2013-CREXT-54 e 2013-SUPLE-55, de 19 de setembro de 2013.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PRESTAR UN SERVIZO DE CALIDADE NAS ESCOLAS INFANTÍS

O día 18 de novembro de 2013, o grupo municipal do BNG presentou a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de prestar un servizo de calidade nas escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

Xa que logo, as escolas infantís ademais da función educativa que lles é propia cumpren tamén unha función asistencial. Para as familias é moi importante a atencións que se

presta aos seus nenos e nenas, e para estes, para os que mesmo se realiza un período de adaptación, é moi importante a conexión coas persoas que os van atender fóra dos seus fogares de referencia.

As escolas infantís de Conxo e Fontiñas iniciaron o curso e desenvolveron o proceso de adaptación coa xestión dunha empresa que deixou de prestar os seus servizos o 29 de setembro, facéndose outra cargo da xestión no mes de outubro. Isto tivo, entre outras consecuencias, que algunhas aulas cambiasen a profesora, co que o proceso de adaptación tivo, en parte, que iniciarse de novo. Por outra parte, nin o persoal nin as familias foron coñecedoras do novo Proxecto Educativo do Centro e o curso reiniciouse sen Plan Anual nin programación, con todos os trambilicos que diso se derivan

As escolas infantís do Concello de Santiago viñeron gozando de prestixio entre os seus usuarios, prestixio recoñecido tamén fóra do ámbito municipal, sendo por exemplo a de Conxo repetidamente destacada entre as mellores do Estado.

Porén, desde o mes de outubro sucédense as denuncias das familias e dos sindicatos por redución e/ou cambios no persoal e por deficiencias organizativas e de funcionamento que repercuten directamente na calidade educativa e na calidade asistencial, denuncias que poñen de manifesto que a empresa adxudicataria da xestión do servizo non só non cumpre coa oferta coa que resultou gañadora do concurso senón que non chega a cumprir co prego básico.

Por todo o anterior, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Despois de case dous meses de incumprimentos por parte da empresa adxudicataria, o Goberno municipal procederá a aplicación de penalizacións ou, de ser o caso, á rescisión do contrato, tal como se recolle no prego de condicións do mesmo.
2. O Goberno municipal comprométese a velar polo bo funcionamento do servizo, tanto no que fai á súa función educativa como a súa función asistencial, garantindo en todo momento a calidade do mesmo.
3. O Goberno municipal promoverá a participación de pais e nais, fomentando o asociacionismo e a constitución de consellos de participación en cada centro, no que estean representados os pais/nais.”

O grupo municipal socialista, pola súa banda, presenta unha emenda ao anterior punto primeiro, que quedaría redactado como segue:

“1.- Se o informe que está a redactar o xefe do departamento de educación respecto da supervisión da execución do contrato da xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas conclúe que a empresa non está a cumprir co contrato, o goberno municipal procederá de inmediato a dar conta do mesmo á Xunta de Goberno e á apertura do correspondente expediente, así como á aplicación das penalizacións ou, de ser o caso, á rescisión do contrato, tal e como se recolle no prego de condicións do mesmo.”

Dona Elvira Cienfuegos explica que a Lei Orgánica de Educación regula a educación infantil, establecendo para ela dous ciclos, o primeiro para 0-3 anos, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas en estreita colaboración dos centros coas familias.

A Lei de servizos sociais de Galiza, por outro lado, establece o obxectivo de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes, e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, de modo que as escolas infantís de 0-3 anos, ademais da función educativa cumpren tamén unha función asistencial.

Para as familias é moi importante a atención que se presta aos seus nenos e nenas de 0 a 3 anos, e para estes, para os que mesmo se realiza un período de adaptación, é moi importante a conexión coas persoas que os van atender fóra dos seus fogares de referencia.

As escolas infantís de Conxo e Fontiñas iniciaron o curso e desenvolveron o obrigado proceso de adaptación coa xestión dunha empresa que deixou de prestar os seus servizos o día 29 de setembro, facéndose outro cargo da xestión no mes de outubro. Iso provocou, entre outras consecuencias, que algunhas cambiasen de educadora-titora, co que o proceso de adaptación tivo en parte que iniciarse de novo. Foi responsabilidade do Concello non resolver antes do inicio do novo curso un concurso para a súa xestión, da que o anuncio fora publicado no Boletín da Provincia o 6 de febreiro. Sete meses se tardou en resolvelo, proba evidente da ineficiencia na xestión do goberno popular.

O cambio de xestión co curso xa iniciado representaba por si mesmo unha situación de risco, o que debería ter levado consigo un especial seguimento por parte do goberno municipal para evitar cambios innecesarios ou evitables na organización e funcionamento dos centros, xa que a prevención é preferible á corrección, e precedentes había ademais de problemas en escolas infantís xestionadas por CLECE, e así o que xurdiu foi unha sucesión de denuncias, ás que o goberno municipal veu dando palabras amables por resposta, e levamos dous meses de inacción.

A incorporación da nova empresa tivo como primeira medida o despedimento de persoal, o que provocou a denuncia dos sindicatos, polo feito e pola forma, e a denuncia de pais e nais, porque a redución de persoal reducía a necesaria e habitual atención aos nenos e nenas, non se garantía a cualificación establecida na normativa vixente para o persoal, e se daban agrupamentos impropios.

Logo, a estas denuncias sumáronse as relativas ao cambio reiterado de profesorado nas aulas, á falta de proxecto educativo, á falta de obradoiros complementarios comprometidos na oferta da empresa adxudicataria, a menús nutricionalmente insuficientes, á deficiente información sobre a calidade dos alimentos servidos, denuncias públicas e denuncias todas elas presentadas no Rexistro municipal.

O 28 de outubro o BNG rexistrou unha pregunta relativa ás accións iniciadas polo goberno en relación ás denuncias, e a pesar de que o Regulamento establece quince días para a resposta, a día de hoxe aínda non a hai, e ata o día de onte, cando xa era coñecido o resultado da inspección da Consellería de Traballo e Benestar, non se fixo público que se pedira un informe municipal sobre os centros.

Durante estes dous meses de queixas, protestas e denuncias, as respostas por parte da concelleira responsable, a través dos medios de comunicación, foron variadas e contraditorias, e o mesmo dicía que a empresa estaba cumprindo, como que a empresa estaba disposta a introducir os cambios precisos, chegando incluso a dicir aos medios de comunicación que non era habitual que se sancionase a unha empresa no primeiro mes de contrato. Non falta á verdade con esta afirmación, pero restaba engadir que non é habitual que unha empresa incumprise abertamente o contrato asinado no primeiro mes, e iso é o que as denuncias poñían de manifesto, que non só non estaban cumprindo o contrato asinado e polo que resultou gañador do concurso, senón que empeorara a situación que atopou ao facerse cargo do servizo, ate incumplir a normativa vixente. Poderíase dicir que en lugar de máis de tres mil horas que ofertaba, estábbase a restar outras tantas das condicións mínimas establecidas.

Pero ante as reiteradas denuncias que se teñen feito ate o momento, pregunta a concelleira dende cando consta no departamento de educación, tal e como require o prego de prescricións técnicas, a organización do persoal, o importe detallado da súa retribución, e a súa distribución horaria, ou se recibiu o concello antes do día 10 de cada mes copia do xustificante da cotización á Seguridade Social de todo o persoal das escolas, e dende cando constan no Departamento de Educación, tal e como require o prego de contratación, as variacións de persoal e das súas funcións.

Tamén pregunta a Sra. Cienfuegos se para facer cumprir o prego básico de condicións en materia de persoal, o departamento de educación ten realizado o seguimento do

contrato asinado, qué documentación ten solicitado á empresa para verifica-lo seu cumprimento, e cando e cantas visitas se teñen cursado aos centros.

Para a concelleira, non se pode entender que non se fixera un estudo exhaustivo neste prazo de dous meses no que non cesaron as denuncias, non se pode entender se ademais o unimos a afirmacións públicas feitas por parte do goberno municipal de que o servizo é importante e delicado. Non actuar, e non ter actuado, ten consecuencias na calidade do servizo que se presta a nenos e nenas de menos de 3 anos, e ten consecuencias tamén para o futuro, porque non sempre é posible corrixir o deterioro xerado, e máis difícil se fai cando se deixa avanzar ate un punto insoportable o deterioro no ambiente de traballo e consecuentemente o clima dos centros, e porque a inacción crea precedentes, non ter actuado puxo en evidencia a ineficacia do concello diante da cidadanía, e diante da Consellería de Traballo e Benestar, que fixo inspección e emitiu informe no senso de que o Concello, titular do servizo, repaña as condicións mínimas legalmente establecidas.

Non ter actuado pon ao goberno municipal en risco de denuncia xudicial, por non facer cumprir un contrato a unha empresa que resultou gañadora dun concurso por ser a súa oferta a máis vantaxosa, e sobre todo, pon en risco un servizo que veu gozando de prestixio dentro e fóra das fronteiras do municipio. En concreto, no curso 2006 e 2007, e non era a primeira vez, a escola infantil de Conxo foi seleccionada entre as primeiras das dúascentas mellores do Estado, incluíndo públicas e privadas. Non ter actuado, nin ter adoptado as medidas necesarias e previstas nos pregos leva consigo moitos prexuízos, sobre para os usuarios, pero tamén para o persoal que nelas traballa, para o goberno municipal e para o propio Concello, mentres só hai un beneficiario, que é a empresa adxudicataria.

Hoxe por fin sábese que hai un informe solicitado sobre o funcionamento do servizo, por iso conviría aprobar, coa formulación que os tres grupos teñen acordado previamente, a primeira das propostas de resolución, de que unha vez coñecido o informe e se este é negativo, se proceda de inmediato por parte da Xunta de Goberno a adoptar as medidas necesarias e previstas para penalizacións, ou se fora o caso, para a resolución do contrato, porque ademais doutros incumprimentos, o Concello ten que saber que non existe coordinadora pedagóxica, requirida no prego, e por máis que digan que a empresa ten presentado un proxecto educativo, hai que recoñecer que un proxecto educativo de centro existe cando é coñecido e aplicado na redacción dos plans anuais de programación. O centro debe desenvolver a programación co seu persoal e co apoio e coñecemento das familias, que son as primeiras en denunciar a falta de documentos que establezan a organización, o funcionamento, os obxectivos, os contidos e os procedementos cos que traballan os centros.

A penúltima das propostas de resolución pide que o goberno municipal vele polo bo funcionamento do servizo, tanto no que fai á súa función educativa como no que ten que ver coa súa función asistencial, para que se recupere a calidade que caracterizaba ás escolas no seu papel de promoción do desenvolvemento harmónico dos nenos e nenas, e para que ofrezca a calidade asistencial que a infancia require.

Na última das propostas de resolución pídese que se promova a participación de pais e nais, fomentando o asociacionismo, e a constitución de consellos de participación, e insiste na concelleira en que se promova e non en que se permita, porque se nos niveis educativos non universitarios é importante a implicación das familias, máis o é nestas idades, tal e como se reconece na vixente lei de educación e se recolle no prego de prescricións técnicas polos que se rexou o concurso para a xestión do servizo.

En resumo, e dado que máis vale tarde que nunca, pide a concelleira que se acorde hoxe que o goberno municipal adopte xa as medidas necesarias para facer cumprir o contrato asinado para a xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas e se vele polo seu funcionamento, incluíndo a participación das familias para que volvan ser as escolas de prestixio que Santiago e a súa infancia merecen.

Para Don Gonzalo Muíños, que intervén a seguir, é lamentable que teñamos que falar neste Pleno das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas, unhas escolas que durante anos foron referencia non só a nivel local senón en Galicia e no Estado, pois o seu prestixio foi recoñecido en moitas ocasións. Este goberno parece non darse conta da importancia da educación nestas edades temperáns, unha etapa fundamental para o desenvolvemento das persoas, nin semella decatarse do que supón para as nais e pais ir ao traballo coa tranquilidade de deixar aos seus fillos nunha escola de confianza, na que non se dubida do cumprimento riguroso da norma, da organización, do funcionamento e da xestión do centro, da que non se dubida de que en “tramos horarios non se está a cumprir as ratios e requisitos de persoal esixidos na normativa”.

Non entende o concelleiro cómo é posible que mentres os pais e nais están a manifestarse na rúa, e que presenten queixas reiteradas polo mal funcionamento das escolas, o goberno se limite a protexer os intereses dunha empresa privada fronte ao benestar das nenas e nenos de 0 a 3 anos, crendo tal vez que as nais e pais están a queixarse sen razón.

Os pais/nais poñen de manifesto a falta de obradoiros, unha alimentación deficiente, e a redución de persoal, e a empresa parece que non só non está a cumprir co prego e coas melloras que supuxeron a adxudicación deste contrato, senón que segundo o informe redactado pola Consellería de Traballo e Benestar, non está a cumprir as ratios establecidas na lexislación, coa responsabilidade que iso supón non só para a empresa adxudicataria senón para o Concello, porque este goberno parece esquecerse que a

responsabilidade da xestión das escolas municipais é da administración local, é do Concello, da Sra. Castelao como concelleira delegada, e tamén deste goberno municipal.

Supón o Sr. Muíños que a concelleira-delegada estará informada de que as nais e pais manifestan que os educadores non dispoñen de suficientes recursos, humanos e materiais, para poder desenvolver dignamente o seu traballo, de que a empresa non cumpre os programas educativos de reforzo, non cumpre coas actividades complementarias e o que é máis grave, que a día de hoxe descoñecen se se está a cumprir o proxecto educativo co que se presentaron ao concurso, porque non saben se ese proxecto existe. Con respecto ó mesmo cómpre lembrar que no seu día ese proxecto fantasma acadou unha puntuación de nada máis e nada menos que 17,80 puntos, e o prego non indica que se teñan que presentar unhas liñas básicas dese proxecto porque o que di textualmente é:

“CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS:

1.- Mellor proxecto educativo e de xestión presentado: De 0 a 30 puntos.”

Non se indica por ningures que o licitador tiña que presentar as liñas básicas, por tanto non é de recibo que a Sra. Concelleira hai uns días dixera públicamente que estaban a recibir no Concello o mencionado proxecto, pois non é posible que tal proxecto non estivera no expediente pero sen embargo fora puntuado para a adxudicación. Pregunta o concelleiro cómo pode ser que presentando unha oferta económica das máis elevadas a empresa resultara gañadora grazas a un proxecto educativo que ao parecer se descoñecía. Tamén é criticable o extremo relativo á puntuación outorgada como mellora por máis horas de prestación do servizo cando a empresa conta con seis persoas menos no cadro de persoal.

Afirma o concelleiro ao fío do anterior que a empresa Clece, S.A., a primeira decisión que tomou sobre a xestión das escolas infantís foi o despido de seis traballadoras, decisión que adoptou sen ter en conta que acababa de iniciarse un novo curso, que os nenos e nenas estaban na metade do proceso de adaptación e, aínda así, decide prescindir de seis persoas polo simple feito de que non aparecían no contrato como persoal a subrogar. O grupo socialista entende que non é posible cumprir as melloras presentadas sen ese persoal, polo tanto ou ben a empresa non tiña pensado cumprir o contrato ou ben pretendía contratar outro persoal novo dándolle igual o dano que se lle está a facer aos nenos.

O Grupo Socialista mantivo varias xuntanzas, tanto cos traballadores como cos representantes sindicais, así como cos pais e nais dos rapaces, coa finalidade de coñecer de primeira man o que estaba a acontecer. Solicitou ao Goberno Municipal que lle

esixira un informe á empresa no que explicasen cómo ían a cumprir o contrato, e por tanto o número de horas ofertadas como mellora, con menos persoal. Descoñece o sr. Muiños se o goberno ten ese informe. O resultado é que unha vez máis o goberno interpreta a lei de contratos ao seu antollo e sen rigor, porque a concelleira fixo unha visita, non sabe se de cortesía, ás garderías e saú dicindo que todo estaba ben e que a empresa estaba a cumprir co prego do contrato.

Como ben é sabido, o proceso para que unha administración pública inspeccione o cumprimento dos seus contratos está regulado, e no prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, na súa páxina 17, punto 20, dise textualmente:

“RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.”

Prosegue dicindo o concelleiro que pola información aparecida hoxe nun xornal, o xefe do servizo de educación está a realizar ese informe, e o grupo socialista non dubida da súa validez, pero pregunta cándo solicitou a sra. Castelao tal informe, porque resulta sorprendente que a día de hoxe non estea xa redactado e dada conta ao órgano de contratación.

Non obstante, ese informe chega tarde, porque as conclusións do mesmo deberían ser as que indicasen se o concello debe ou non abrir expediente á empresa, e levamos semanas perdendo o tempo. Está claro que a Xunta de Galicia foi máis áxil neste tema, e ante unha primeira denuncia fixo unha inspección seria e un informe que conclúe que non se está a cumprir coa lei. Sen embargo, o goberno municipal adicouse a deixar pasar os días, a perder tempo, a posicionarse coa empresa e ese non é o proceder dunha administración, pois xa é hora de que se poñan a xestionar e a facer as cousas ben, debido a que o único responsable da xestión das Escolas é o Concello, que é quen goberna esta cidade. Xustifícase por iso a emenda do grupo socialista á proposición presentada polo BNG relativa a prestar un servizo de calidade nas escolas infantís, emenda que indica que se o informe que está a redactar o xefe do departamento de educación respecto da supervisión da execución do contrato da xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas conclúe que a empresa non está a cumprir co contrato, o goberno municipal procederá de inmediato a dar conta do mesmo á Xunta de Goberno e á apertura do correspondente expediente, así como á aplicación das penalizacións ou, de ser o caso, á rescisión do contrato, tal como se recolle no prego de condicións do mesmo.

Pregunta o Sr. Alcalde se se acepta a emenda do grupo socialista, e a Sra. Cienfuegos responde que hai acordo dos tres grupos municipais relativo á primeira das propostas de resolución.

Dona María Castelao intervén seguidamente, e di estar sorprendida polas valoracións feitas polo Sr. Muíños sobre o que acontece nas mesas de contratación e sobre os informes técnicos, pois na mesa está representada toda a corporación, é dicir, os grupos socialista, popular e BNG, así como persoal técnico e persoal do departamento de educación. As actuacións que se tiveron feito pola mesa foron adoptadas por acordo de todos os membros da mesma, e en ningún momento se chamou a atención sobre ningunha cuestión relativa á valoración técnica ou económica das diferentes ofertas que se presentaron á prestación deste servizo. Parece que o sr. Muíños dubide da limpeza ou da capacitación técnica da persoa que fixo o informe valorativo, e sobre todo, se estivera feito en tempo e forma naquel momento tería máis credibilidade que telo feito agora neste momento. Por suposto que a Sra. Castelao non dubida da limpeza do proceso, porque ademais neste caso, falaba a Sra. Cienfuegos de datas, por cuestións precisamente relativas á incursión noutros procedementos xudiciais do persoal que se atopa prestando os seus servizos no departamento de educación, e ademais ao estar valorándose outros contratos, que estaban sendo licitados nese momento, como era o de conserxería e limpeza, e tamén, o da gardería de Salgueiriños, a persoa que non se tiña abstido de participar nos procedementos de licitación de servizos nos que a empresa SERMASA non formase parte, era tan só unha técnica do departamento de educación. O goberno recurriu a outros técnicos doutros departamentos, e tamén por acordo desa mesa de contratación tomouse a decisión de contar coa presenza nesa mesa, e co seu traballo, para o informe técnico, dunha técnica da deputación da Coruña, que foi designada polo seu Presidente.

Dadas as circunstancias, os tempos foron os que tiñan que ser, e opina a concelleira que o Sr. Muíños debiera ser un pouco máis cuidadoso neste sentido, porque lanzar dúbidas sobre esta cuestión e o seu procedemento de contratación é complicado e perigoso.

En relación ás medidas adoptadas, a concelleira chamou hoxe aos voceiros dos grupos da oposición para comunicarlles que estaba de acordo coa proposta de resolución. O informe do xefe do departamento de educación foi solicitado pola Sra. Castelao o 12 de novembro, e por certo, neste concello xamais se designou a ningún técnico para dirixir ningún contrato, e son normalmente os xefes de servizo, ou os xefes da sección, os que levan o control de todos os contratos, tal e como se está a facer con outros contratos do mesmo departamento de educación, como o da escola de Salgueiriños, ou o servizo de comedores. A seguir, indica a concelleira que estaría a incorrer en graves responsabilidades se unha vez que se emita o informe, e este conclúa que hai incumprimentos, non se chegara a tramitar un expediente sancionador. Deste xeito, está

claro que o goberno municipal apoia o primeiro punto da proposta de resolución, tal e como xa anunciou o sr. Alcalde e tamén a portavoz do grupo de goberno.

No que atinxe á segunda parte da proposta de resolución, di a concelleira que mantivo incesantes reunións con pais, con profesores, e coa propia empresa, que pasaba máis dunha vez á semana polo seu despacho, e tamén cos técnicos do departamento de educación, de modo que a inacción e a ineficiencia non se poden predicar dela, dados todos os requirimentos que se fixeron a empresa dende o día 7 de outubro. De feito, di que no departamento de educación non se recorda unha actuación cara unha empresa, de levar a cabo requirimentos constantes, pedíndolle unha solución e unha resposta inmediata dun modo tan reiterado.

Efectivamente, cando a concelleira detectou que había algunhas cuestións de importancia que a empresa non resolvía, como o nomeamento da cordinadora, ou outras cuestións, ademais das denuncias que presentaron os pais, e despois das xuntanzas que tivo con CLECE, foi cando se tomou a decisión da elaboración dese informe.

Hai outras cuestións que tamén quere a concelleira poñer de manifesto, aínda que reitera que a intención do goberno municipal é a de esperar a ter o informe, que ademais incluírá o da inspección da Consellería de Traballo e Benestar, que xa dá certa luz sobre determinados incumprimentos, que se terán en conta, por suposto. Asemade estase a facer un estudo exhaustivo do cumprimento de todo o prego, e de toda a oferta que presentou CLECE, así como da resposta que a empresa dou aos diferentes requirimentos efectuados dende o Concello, algúns deles repetidos ata en tres ocasións.

Por outra banda, a concelleira non quere entrar a valorar outras cuestións postas enriba da mesa, como por exemplo a do persoal, xa que pensa que é importante esperar ao informe do técnico municipal, solicitado, como xa adiantou, o 12 de novembro.

No que ten que ver co proxecto educativo, indica a concelleira que lóxicamente estaba presentado coa oferta, pois ningún técnico, nin do departamento de educación, nin da Deputación da Coruña, nin tampouco ningún dos membros da mesa de contratación terían pasado ningunha oferta que non contase entre os seus folios co proxecto educativo.

En relación aos obradoiros e aos comedores, explica a concelleira que se teñen feito xa algunhas modificacións a solicitude dos traballadores, dos pais, e tamén da sra. Castelao, pero aínda así estima que é importante esperar ao informe para tomar as decisións oportunas, engadindo que non lle vai temblar a man á hora de impoñer sancións se éstas son procedentes. Non é habitual que se inicie un expediente sancionador a ningunha empresa, pero tratándose do servizo do que se trata, e sobre todo despois de ver a realidade, e de coñecer as demandas dos pais e dos profesores, non

vai dudar en actuar nese sentido, e tampouco en facer público e trasladar a Xunta de Goberno no momento no que teña o informe, todo o que alí se diga, e dende logo, o seu compromiso é o de seguir traballando e seguir insistindo en chamar á empresa CLECE para velar polo cumprimento dese servizo

Para Dona Elvira Cienfuegos non deixa de ser sorprendente que se dende o 7 de outubro se lle están a facer requirimentos á empresa, e ésta non contesta adecuadamente, habendo como hai un Prego de contratación explícito que require a presentación de documentos para que se poida facer un seguimento exhaustivo de qué persoal, en qué horario, cantas horas ten cada un, a conclusión inmediata é que había problemas coa empresa.

Por outra parte, había tamén as denuncias continuadas das familias, e con todo iso, o que lle choca é que se dende o 12 de novembro está pedido este informe, non haxa ningunha tranquilidade nos centros, nin nos equipos de traballo, nin nas familias, e pregúntase porque non está pasando por alí xente do concello para dar esa tranquilidade de que se esta facendo un seguimento, de que hai vontade de tomar decisións a ese respecto, e decisións que xa teñen que ser importantes á vista do tempo que a empresa leva recortando innecesariamente e producindo transtornos, igualmente innecesarios, no servizo. Neste momento, parece que o Concello está ao servizo de CLECE, en lugar de estar a empresa contratada polo Concello para levar a termo un servizo nunhas determinadas condicións que o Concello ten que esixir e debe esixir.

Por outra parte, a respecto do plan educativo de centro, indica a concelleira que as escolas tiñan tradición de levar a termo unha programación, un plan anual de centro, e un proxecto educativo do que partían. Estes cambios no medio do ano son difíciles de levar adiante, pero é que por riba, nin as traballadoras dos centros, nin as familias coñecen nin o pec, nin a programación, nin o plan anual, máis alá de cuestións tan xerais como dicir que o mes de novembro estará adicado a estudo do corpo humano. Estas pinceladas non son suficientes, pois as familias estaban afeitas a outro tipo de información, a outro tipo de relación coas educadoras dos nenos e nenas, e elas tamén sabían o programa que tiñan que desenvolver.

Espera a concelleira que se lle dea unha solución o máis axiña posible, porque o deterioro inflúe moito no clima dos centros, e ten dende logo consecuencias non só para este momento, senón tamén para o futuro.

Don Gonzalo Muíños, que intervén seguidamente, afirma que non dubida se existe proxecto ou non, e que realmente quen dúbida se existe proxecto é a concelleira de educación, que o pasado 7 de novembro, nun medio de comunicación, di que a empresa xa enviou o proxecto educativo ao departamento de educación, e asegura que se está a cumprir co prego en canto ao persoal de apoio.

O grupo socialista, o único que desexa é arranxar a situación, que os pais e nais deixen ós seus rapaces tranquilos, e que non suceda o que sucedeu o pasado lúns, que debido ó impago da factura eléctrica, nunha das escolas quedaron sen luz pola mañá, dende as 11 ata a 1, e os nenos e nenas case quedan sen comer, porque non se podía preparar a comida, o que reviste gravidade.

Dona María Castelao indica que en relación ao corte de luz, o Sr. Muíños debera estar mellor informado das razóns que levaron ao mesmo. Tamén afirma que ela non dixo que faltara o proxecto educativo na oferta presentada por CLECE, e reitera o que xa dixo nos medios de comunicación en diferentes ocasións, de que non vai ser ela a que defenda á empresa, pois defende, iso si, a prestación correcta do servizo, aos pais, aos traballadores dos dous centros, que ata agora estiveron levando a cabo un magnífico traballo, e por suposto aos nenos e nenas que son usuarios deses dous servizos. Polo tanto, o que lle resta nestes momentos é esperar a recibir á máxima brevidade o informe do técnico para a partir do mesmo tomar as decisións que sexan oportunas, sexan cales sexan, e sexan da gravidade que sexan segundo o que indique o prego de condicións en relación á gravidade do deterioro que se puido ter ocasionado na prestación do servizo. Asegura unha vez máis a concelleira que o seu goberno vai actuar e seguir traballando para que as escolas municipais non perdan o prestixio co que contan, apostando pola educación, e levando a cabo diferentes actividades moi lonxe das competencias coas que conta o concello, sempre ó servizo dos cidadáns de Santiago, en especial, ao servizo dos máis cativos do noso concello que están matriculados nesas dúas escolas de Conxo e de Fontiñas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade, en relación coa proposición presentada polo grupo municipal do BNG relativa á prestación dun servizo de calidade nas escolas infantís:

1.- Se o informe que está a redactar o xefe do departamento de educación respecto da supervisión da execución do contrato da xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas conclúe que a empresa non está a cumprir co contrato, o goberno municipal procederá de inmediato a dar conta do mesmo á Xunta de Goberno e á apertura do correspondente expediente, así como á aplicación das penalizacións ou, de ser o caso, á rescisión do contrato, tal e como se recolle no prego de condicións do mesmo.

2. O Goberno municipal comprométese a velar polo bo funcionamento do servizo, tanto no que fai á súa función educativa como a súa función asistencial, garantindo en todo momento a calidade do mesmo.

3. O Goberno municipal promoverá a participación de pais e nais, fomentando o asociacionismo e a constitución de consellos de participación en cada centro, no que estean representados os pais/nais.

10. DAR CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AOS TRES PRIMEIROS TRIMESTRES DO ANO 2013.

Auséntase do salón de Plenos a concelleira Dona Mercedes Rosón.

De conformidade co informe do día 29 de outubro de 2013, subscrito polos Sres. Tesoureiro municipal e Interventor de fondos municipais, e ao abeiro do que dispón a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dase conta ao Pleno da Corporación do informe de morosidade correspondente aos tres primeiros trimestres do ano 2013.

11. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 15, dáse conta ao Pleno da Corporación do auto do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago, de 10 de setembro de 2013, polo que se acorda o arquivo do procedemento ordinario 769/2011/R, interposto pola Asociación Cultural Nais do Paxonal, relativo á ampliación de usos na reserva de equipamento docente do SUNP-17, do Paxonal.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 16 de outubro ata o 8 de novembro de 2013 (núms. 5915 ao 6572, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

- Sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2013 (Núm. 79).
- Sesión extraordinaria urxente do día 4 de outubro de 2013 (Núm. 80).
- Sesión ordinaria do día 10 de outubro de 2013 (Núm. 81).
- Sesión extraordinaria urxente do día 10 de outubro de 2013 (Núm. 82).
- Sesión ordinaria do día 17 de outubro de 2013 (Núm. 83).
- Sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2013 (Núm. 84).
- Sesión extraordinaria urxente do día 28 de outubro de 2013 (Núm. 85).

Sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2013 (Núm. 86).

13. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGOS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 22 de novembro de 2013, núm. 232, para adoptar as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria en diferentes zonas da cidade.**
- 2. Rexistro de entrada do día 22 de novembro de 2013, núm. 233, para evitar as inundacións en varios puntos do concello.**

PREGUNTA.-

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2013, núm. 222 (para a súa resposta por escrito), relativa as queixas e preocupacións dos veciños polas obras da rúa de San Pedro.**

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

ROGO.-

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2013, núm. 219, relativo ás xestións realizadas a efectos de dar cumprimento aos acordos acadados o día 21 de marzo de 2013, con relación aos afectados das participacións preferentes e obrigas subordinadas.**

PREGUNTAS.-

- 1.- Rexistro de entrada do día 31 de outubro de 2013, núm. 217 (para a súa resposta por escrito), en relación a copias de expedientes facilitados ao señor Conde Roa.**
- 2. Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2013, núm. 220 (para a súa resposta por escrito), relativa ás queixas dos pais e nais dos/as nenos/as das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.**
- 3. Rexistro de entrada do día 15 de novembro de 2013, núm. 224 (para a súa resposta por escrito), relativa ao cobro de entrada no concerto da Banda de Música no Teatro Principal.**

4. Rexistro de entrada do día 20 de novembro de 2013, núm. 229 (para a súa resposta por escrito), relativa a concerto da Banda de Música.

Don Francisco Reyes entende que o rogo do grupo municipal socialista, relativo ás participacións preferentes, xa foi contestado no punto 3 da orde do día.

A seguir, Dona Elvira Cienfuegos explica un rogo do Bloque Nacionalista Galego, relativo á adopción das medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria en diferentes zonas da cidade, que di que se plantexa en función das queixas recibidas pola veciñanza e para poñer de manifesto a necesidade de adoptar medidas de seguridade viaria en varias zonas da cidade, unha delas no Castiñeiriño, na que hai, polo menos, dous puntos conflictivos con risco para a seguridade da veciñanza, ún na saída cara Outeiro, na rotonda do Castiñeiriño, onde se producen con frecuencia saídas de vía. Ata o de agora os danos foron materiais, pero calquera día podemos lamentarnos de danos maiores, de non buscar unha solución máis alá da reposición da varanda.

Outro punto de perigo está na rúa da Estrada, na que o estado do valado e a falta de luz cando anoitece son factores que fan moi perigoso o paso por este lugar, tanto para vehículos como para viandantes.

Prosegue explicando a concelleira que a non reposición dun espello para mellorar a visibilidade no lugar de Vilar en San Xoán de Fecha constitúe tamén un perigo para a veciñanza, e para a reposición, que xa se fixo algunha vez, haberá que ter en conta o paso de vehículos altos, porque o situado a unha altura menor era deteriorado con demasiada frecuencia, e por iso debe ser colocado a maior altura da que viña estando.

E por banda a rúa Trece Rosas, no barrio de Santa Marta, remata na zona máis achegada á Choupana de xeito abrupto, que implica un risco para a seguridade de peóns e vehículos por carecer de sinalización. Por outra parte, tamén sería necesario mellorar o pintado dalgúns dos tramos do acceso a Grixoa.

Tendo en conta o exposto, o BNG solicita que para este conxunto de puntos se adopten melloras de seguridade, pois para algúns abonda con vontade política, e outros, efectivamente, poden requirir reflexións, xestións ou dispoñibilidade orzamentaria.

Don Luís Bello informa con respecto á zona do Castiñeiriño que xa se pediu orzamento para a instalación da bionda para reforzar a beirarrúa, e evitar que os vehículos derriben o barandal e poidan caer á rúa do Combarro.

Con respecto ao punto que se refire ó perigo na rúa da Estrada, á altura do burato existente no SUNP-11, di que a solución non depende do seu departamento, pois no seu

caso debería ser da empresa que debería desenvolver este SUNP. Explica o concelleiro que a urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño, é un dos moitos exemplos das desfeitas urbanísticas levadas a cabo polo anterior equipo bipartito do goberno municipal, unha actuación que comezou no ano 2008, e que tivo como resultado unha obra paralizada a medias, cun socavón nun solar do barrio, e un importante risco para a seguridade vial.

Tamén indica o concelleiro que por parte da extinta emuvisa se venderon a promotores privados terreos urbanizados, cando a urbanización nin sequera comezara. Se ben o destino dos cartos cobrados polo anterior goberno bipartito é un misterio, a devolución dos mesmos xunto cos intereses legais está ben clara, supoñendo actualmente os intereses un desembolso de máis de sete millóns para as arcas municipais. E sería outra factura máis a engadir ás múltiples desfeitas urbanísticas co inconfundible selo do afortunadamente desaparecido chiringuito EMUVISSA.

O Concello desembolsará case tres millóns de euros e medio nesta actuación, e servirá para cumprir cos propietarios que compraron as parcelas e a devolución de máis de sete millóns de euros. Non estaría de máis que os respectivos voceiros dos grupos da oposición explicasen á cidadanía onde foron a parar os cartos correspondentes a estas vendas fraudulentas.

Por Decreto de 13 de marzo do presente ano procedeuse a incoar expediente a Proxectos e Inmobles de Galicia, que é a empresa que se adicaba a urbanizar esta zona, requirindo para que fagan o perímetro de seguridade. Informa tamén o concelleiro do compromiso do Concello coa actuación, pois destinarán 8.936,26 euros para facer o peche perimetral.

Don Rubén Cela explica outro rogo formulado polo BNG relativo ás inundacións, pois de todos/as son coñecidos os efectos que tiveron no conxunto do Concello as producidas neste comezo do outono, onde houbo algunhas semanas especialmente chuviosas en Compostela. Algún dos días máis problemáticos recollíanse ate 20 litros por metro cadrado en menos de vinte e cinco minutos, pero iso non xustifica todo. A forte chuvia é a causa principal do que aconteceu nas nosas rúas, pero non é a única, e por certo tamén a zona rural se veu afectada en moitos casos, porque logo das rozas non se limparon debidamente as gabias, coa conseguinte dificultade para o desaugamento, como ocorre na parroquia de San Xoan de Fecha, ou na Gracia, no lugar de Rebordaos, onde se asolagaron leiras e baixos de vivendas.

Non é a primeira vez que chove moito nesta cidade, pero non é doado lembrar escenas como as vividas na rúa do Franco ou noutras partes onde non se viñan producindo inundacións de xeito reiterado nos últimos anos.

Noutras zonas tradicionalmente problemáticas, como é o caso do Carme de Abaixo e Pelamios, a veciñanza sufriu nun espazo de quince días ata en tres ocasións os danos provocados pola auga nas súas residencias ou locais comerciais, e neses casos tivo que ser a propia veciñanza a que actuase en primeira instancia, ate o punto de ter que limpar cos seus propios medios unha rede de sumidoiros totalmente colapsada.

Nese sentido, o BNG considera que non se fixo todo o mantemento necesario, sobre todo en zonas como Pelamios, dados os antecedentes, tendo en conta o tipo de arborado existente na zona, coñecendo como se coñecían con varios días de antelación as previsións metereolóxicas, e tendo no seu poder un documento entregado en xullo de 2011 durante o traspaso de poderes, onde se lle indicaba ó goberno entrante que o goberno anterior estaba nese momento a traballar niso, e que era preciso, e lee textualmente: “adoptar unha solución para evitar inundacións na rúa de Pelamios, unha das posibles, e abrir novas bocas de sumidoiro para evitar que a auga se acumule na parte baixa da rúa, e entre nas vivendas, é unha actuación que ten máis que ver con obras e urbanismo, pero en todo caso necesaria, sobre todo se as chuvias coinciden coa caída da folla que tapa os sumidoiros existentes”. Para o concelleiro é incomprendible que non se fixese nada dende nada dende a primeira inundación, dende a segunda, e da segunda á terceira, quedando incluso os restos de lama visibles.

Explica seguidamente que no día de onte a concelleira María Pardo se reunía cos veciños de Pelamios, e se comprometeu a que no mes de decembro se executarían uns desaugues laterais, que se ben non van ser unha solución definitiva para calquera circunstancia, por exemplo cando o río vai desbordado, si que axudarán a mitigar o problema. Sen embargo, opina o concelleiro que o goberno debería mudar o tipo de comunicación e atención a veciñanza afectada, debería mellorar as labores preventivas, como manter limpa a rede de sumidoiros, sobre todo a prevención inmediatamente previa ao anuncio dunha forte tormenta, e que en casos como o de Pelamios ou Carme de Abaixo, o goberno municipal, tendo en conta os períodos de retorno, terá que estudar e adoptar as medidas estruturais necesarias para evitar esas inundacións.

Dona María Pardo di que este é o mundo ao revés. Levamos vinte e seis anos de desgoberno na nosa cidade, e en doce o BNG compartiu responsabilidades de goberno, e son os responsables da desfeita os que preguntan que fixo o grupo popular nos últimos dous anos. A pregunta, sen embargo, cómpre dirixila ao Sr. Cela e ao Sr. Reyes, porque en todos estes anos de expansión económica e tamén residencial, non adoptaron unha política que evitase o mal deseño, execución e mantemento das redes municipais.

Relata a Sra. Pardo que fai pouco recibiu a varias persoas do SUP-13, da estrada da Estrada, zona na que as obras de urbanización foron recibidas con todas as bendicións pola anterior Corporación, malia estar mal deseñadas e mal executadas, e é esta corporación a que ten que buscar as solucións necesarias que corrixan tal situación,

situación que se traduce en continuas inundacións nos sotos das vivendas alí construídas, coas conseguíntes molestias e gastos. Serán necesarias, e así se están a tramitar, obras que modifiquen a realidade existente neste ámbito, que non é capaz de funcionar pola insuficiencia para evacuar as augas pluviais que se xeran. Neste sentido, o goberno encargou un estudo a Aquagest, Viaqua agora, que xa foi entregado, e entre as intervencións sinaladas polo Sr. Cela van acometer unhas a curto a prazo, pero non somentes en Pelamios, na Avda. de Lugo ou no Franco. Gustaríalle á concelleira que o Sr. Cela fora a visitar ao matrimonio que ten o bar O Portón, que lle dirán que a deste ano non é a única inundación, senon que son recorrentes. O mesmo sucede en Pelamios os últimos trinta anos. Ademais diso, vaise programar unha intervención a longo prazo nos puntos máis críticos do término municipal, e dende logo un bo traballo preventivo nas novas urbanizacións, o que é unha cuestión de vontade, de querer facer as cousas ben, e non como se fixeron nos últimos anos.

Engade o Sr. Alcalde que Pelamios ven sufrindo inundacións dende o ano 74, e iso ocorre frecuentemente cando se actúa con falta de coherencia dende o punto de vista medio ambiental. O goberno anterior fixo todo o contrario ó que debería, impermeabilizando as grandes zonas ao pé do Auditorio, co cal a escorrentía é moito maior, e a absorción do terreo moito menor. No que atinxe ao bar Porrón, hai que visitalo e ver como levan sufrindo dende moitos anos atrás contínuas inundacións, o mesmo que cómpre dicir doutras zonas da cidade. Afortunadamente este goberno vailles dar a solución que os anteriores non foron capaces de dar en vinte anos.

14. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2013, núm. 226, contra a impunidade da marea negra do “Prestige” e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galiza.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, sobre a necesidade de evitar a impunidade da marea negra do Prestige, recorrendo ao Tribunal Supremo, e sobre a transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sinistro do buque petroleiro ‘Prestige’ nas costas da Galiza o 13 de novembro de 2002 mostrou daquela o problema da seguranza do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra e ameaza as costas galegas, e, desgrazadamente hoxe, coa sentenza ditada polo

xulgado a total impunidade dos autores da marea negra e dos responsábeis políticos no goberno do PP no Estado e os seus cómplices na Xunta.

A pesar de o litoral de Galiza ser o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes vertidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige), aos que se lle deben sumar outros sinistros en que tamén houbo unha importante contaminación mariña polo vertidos de produtos altamente contaminantes (Erkowitz, Cason), son as autoridades xudiciais as que permiten, despois de 11 anos, a pervivencia desta situación de risco e a impunidade manifesta dos responsábeis.

Con todo, aínda se está a tempo de corrixir esta situación, tendo en conta que contra esta sentenza da Audiencia Provincial da Coruña cabe impoñer un recurso de casación ante o Tribunal Supremo. E dado que existen as razóns e supostos de feito e de Dereito para recorrer, o Ministerio Fiscal e a Xunta de Galiza, presentadas xunto con outras entidades como acusación, deberían presentar no Tribunal Supremo o correspondente recurso de casación contra a sentenza ditada.

Esta sentenza deixa sen xulgar a acción civil, de modo que a tutela por parte dos tribunais desta xurisdición está por decidir, malia que as indemnizacións por danos están limitadas polos convenios internacionais asinados polo Estado español, especialmente o relativo á responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos. A non modificación deste sistema de responsabilidade civil supón que siga recaendo sobre as vítimas o pagamento do dano provocado por hidrocarburos, a pesar de contribuír un risco do que só se benefician as empresas petroleiras e cuxa materialización non só sufrimos senón que tamén pagamos. Por iso, cómpre tamén a denuncia de tales convenios internacionais e apostar por unha nova lexislación asentada no principio de responsabilidade solidaria e ilimitada tanto dos causantes do dano como os seus beneficiarios. Alén de ser máis xusto, suporía igualmente aumentar a seguridade e a prevención de sinistros como o do Prestige.

O desastre do Prestige evidencia igualmente como o Estado continúa controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar nas costas galegas impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito máis tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientais despregados nas nosas costas non son suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación. Cómpre transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza para protexer os intereses dos galegos e das galegas vinculadas directamente á actividade pesqueira no mar, que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza.

Por todo iso, solicítase do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Nós, membros da Corporación municipal de Santiago de Compostela, sabemos e comprendemos a indignación que a sentenza do Prestige ten causado no pobo galego. É por iso que, apartando as nosas diferenzas, aprobamos por unanimidade a seguinte declaración:

Primeiro. Amosamos o noso desconcerto porque a peor catástrofe ambiental de Galiza se pecha, polo de agora, sen culpábeis e sen responsabilidades. Mais tamén a nosa decepción porque, de haber outra catástrofe no futuro, os piratas, os incompetentes e os irresponsábeis poderían quedar impunes de novo.

Segundo. Solicitámoslles ao Ministerio Fiscal e á Xunta de Galiza que presenten diante do Tribunal Supremo un recurso de casación contra a sentenza do Prestige, fallada pola Audiencia Provincial da Coruña, dado que existen as razóns e os supostos de feito e de Dereito para recorrer contra dela.

Terceiro. Solicitámoslle ao Goberno do Estado que promova as medidas necesarias para denunciar os convenios internacionais asinados polo Estado español en materia de indemnizacións por este tipo de danos, especialmente o relativo á responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos, e que aposte aquí por unha nova lexislación asentada no principio de responsabilidade solidaria e ilimitada tanto dos causantes do dano como dos seus beneficiarios.

Cuarto. Instamos a Xunta de Galiza a que demande do Estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalán nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e á loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza.

Quinto. Apoiamos as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.

Sexto. Acordamos enviarlles este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, a o presidente do Goberno do Estado, aos grupos do Parlamento galego e ao Ministerio Fiscal.

2. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2013, núm. 227, diante do 25 de novembro de 2013, día da non violencia contra as mulleres, e contra os recortes na protección das vítimas de violencia de xénero.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ao día da non violencia contra as mulleres e contra os recortes na protección das vítimas de violencia de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas. É a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Na Galiza, desde 2009 redúcense cada ano as denuncias en números absolutos sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega; ao contrario: ten a súa orixe nas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

Nestes momentos de dificultades económicas, débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Por todo isto, e entendendo que o goberno municipal ten asumido o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais para a loita contra a violencia de xénero, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- A Corporación municipal demanda do Goberno galego a efectividade e o desenvolvemento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e deste modo:

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, facilitando o acceso a elas, facéndoa efectivas nun prazo mínimo e ampliando a súa duración.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recolle a necesidade de integrar a “Atención psicolóxica” como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.

- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de “Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego” garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente en todos os casos.

- Garantir o cumprimento dunha “Atención xurídica” axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero.

2.- A Corporación municipal demanda do Goberno Galego a posta en funcionamento do Centro de recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia, con dotación de prazas de acollida de emerxencia.

3. Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2013, núm. 228, contra a suba do canon de SOGAMA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á suba do canon de SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén demostrar ser falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así se pode facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separación, e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo poden crearse novos postos de traballo, reducir os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas.

Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
- 2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.
- 3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo baseado en proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

4. Rexistro de entrada do día 21 de novembro de 2013, núm. 230, parta solicitar solicitar a paralización da venda de Novagalicia Banco.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á petición de paralización da venda de Novagalicia Banco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poñer en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o goberno do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considerala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituír un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9.000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades, resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedimentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.
2. Demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.
3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.

4. Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.

5. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de Aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

1. Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2013, núm. 235, relativa á unidade de transplantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) reúne os catro centros hospitalarios de Santiago: o Hospital Clínico Universitario, o Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo, o Hospital Gil Casares e o Hospital Psiquiátrico de Conxo, cun total de 1.175 camas de hospitalización de agudos e un total de 4.963 traballadores.

O Hospital Clínico ten unha antiga e estreita unión coa Facultade de Medicina da USC e unha gran tradición en investigación e na formación de profesionais médicos. O CHUS dispón de diversas unidades de atención especializada que prestan servizos xerais a unha área de 418.965 habitantes. A dotación dos hospitais públicos da área sanitaria de Santiago de Compostela comprende os catro centros hospitalarios do Complexo, así como o Hospital da Barbanza, que ten asignados 63.721 habitantes.

Para as especialidades de Cirurxía Plástica, Oncoloxía Radioterápica e Neurocirurxía, o Complexo Hospitalario é referencia da zona centro da Comunidade Autónoma. Recibe pacientes de toda a Comunidade Autónoma en Cirurxía Cardíaca, Transplante abdominal, desordes alimentarias, implante de condrocitos, cirurxía de Parkinson, Epilepsia, Fotodinamia, Medicina molecular, tomografía por emisión de positrons (PET) ou Screening de Metabolopatías.

Aproximadamente o 4,1% dos transplantes do mundo realízanse en España e as doazóns do país representan o 17% (1.643) de todas as que se realizan na UE. A crise non ha ter efecto algún sobre o sistema de transplantes ou sobre as doazóns que dende 2008 experimentou un crecemento progresivo e estable. As cifras do Rexistro Mundial de Transplantes corrobora a posición do noso país como o epicentro dos transplantes que se realizan a nivel mundial. O ano pasado alcanzou unha taxa de 34,8 donantes por millón de habitantes. En total leváronse a cabo 2.551 transplantes renais, 1.084 hepáticos, 247 cardíacos, 238 pulmonares, 83 de páncreas e 8 de intestino.

Mesmo en todas as Comunidades Autónomas uniprovinciais, se exceptuamos Madrid, alcánzase habitualmente o obxectivo da ONT de superar unha taxa de doazón de 40 pmp, claramente por riba da media nacional. Cabe sinalar que só por tratarse dunha comunidade pequena non é óbice para que nela exista ou se desenvolva un programa de transplante competitivo a nivel nacional e que poida converterse ou sexa xa centro de referencia, como ocorre nalgúns hospitais cun alto ratio de transplantes de comunidades uniprovinciais, como son o caso do Hospital Marqués de Valdecilla en Santander ou o Hospital Vixie da Arrixaca en Murcia.

No ano 2011, 1.367 pacientes recibiron un órgano ou un tecido en Galicia. Consolidouse o transplante de proxenitores hematopoiéticos de donante non emparentado, e en só tres anos desde que se iniciou este transplante Galicia xa é a quinta comunidade en España en números absolutos deste tipo de transplantes cunha taxa de transplante por millón de poboación superior á media. A taxa de donantes de órganos en 2011 alcanzou 31,2 donantes por millón de habitantes, mantendo cifras por encima de calquera país de Europa, Latinoamérica ou EEUU.

Hai que destacar que entre o 40 e o 50% das doazóns prodúcense en centros onde non hai actividade transplantadora.

No ano 2011, entre o CHUAC e o CHUS realizáronse 146 transplantes de ril, 80 transplantes de fígado, 11 transplantes de páncreas. O CHUS realizou en 2011, 411 transplantes de progenitores hematopoiéticos e 1.355 implantes de córneas.

O total dos custos estimados da obtención de órganos e os transplantes en España é de 130.873.493 euros, o 0,5% do total do orzamento consolidado sanitario para todo o Estado.

Recentes estudos publicados pola ONT amosan que o número de persoas que morren en lista de espera por un corazón, fígado ou pulmón flutúa entre o 15 e o 30%.

A Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do SNS do Goberno do PP de Mariano Rajoy iniciou un proceso de revisión dos criterios de planificación das unidades de transplantes, actualizando os que había publicados o ano 1996. Esta revisión supón a redución do número de hospitais onde se realizan transplantes, dado que modifican os criterios de planificación da actividade realizada por millón de habitantes a un criterio demográfico. Así, a proposta inclúe 1 equipo de transplante hepático de adulto / 2 millóns de habitantes (Galicia presenta 1/40) ou 1 equipo de transplante renal de adulto / 1,5 millóns de habitantes (Galicia presenta 1/39).

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propón á Corporación do Concello de Santiago, reunido en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- O Concello de Santiago manifesta o seu apoio aos traballadores e as traballadoras do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) na súa defensa dun sistema de saúde público, gratuíto e universal.
- 2.- O Concello de Santiago insta ao Ministerio de Sanidade do Goberno do Estado a paralizar o plan de reestruturación dos Equipos Hospitalarios de Transplantes.
- 3.- O Concello de Santiago insta á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a deseñar un plan autonómico de transplantes que constitúa unha verdadeira aposta polo Complexo Hospitalario Universitario de Santiago en materia de transplantes mediante a potenciación ao máximo da súa actividade.
- 4.- Trasladar o presente acordo á Xunta de Persoal e representantes sindicais do CHUS, e á Xunta de Galicia.

2. Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2013, núm. 236, relativa á creación da senda verde Santiago-Oroso-Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As vías verdes constitúen un instrumento ideal para promover entre a nosa cidadanía unha cultura nova de ocio e de deporte ao aire libre. Ademais, promove a mobilidade ecolóxica a xa que supón un apoio á cultura da bicicleta, e facilitaría o goce, tamén, ás persoas con problemas de mobilidade. Esta vía debería dotarse de servizos ao longo do percorrido, o que é posible dado que hai varias estacións de tren en desuso.

O itinerario, xa sen raís nin travesas, seguiría paralelo a unha parte do cauce do río Sionlla, e outra a Lengüelle, co que se abriría unha zona de gran beleza paisaxística e de interese ambiental.

Ademais, a vía verde suporía para os concellos de Santiago, Oroso e Ordes un empurrón turístico e reactivaría a economía nas diversas parroquias polas que transcorre.

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda a creación da Senda Verde Santiago de Compostela-Oroso-Ordes:

a) O Concello de Santiago traballará conxuntamente cos concellos de Oroso e Ordes para a posta en marcha e posterior mantemento da Senda Verde.

b) Os tres concellos solicitarán a implicación da Consellería de Medio Ambiente, da Deputación Provincial e da Fundación do Ferrocarril de España, no proxecto.

c) Negociarase con ADIF para a cesión das estacións que se atopan no mencionado trazado.

Adianta o Sr. Alcalde que o seu grupo acepta a urxencia na toma en consideración da moción relativa ao “Prestige”, do Bloque Nacionalista Galego, e dá paso á defensa da urxencia das outras mocións, comezando pola relativa ao 25 de novembro “día da non violencia contra as mulleres”, tamén do BNG.

Dona Elvira Cienfuegos inicia a defensa, e explica que o 25 de novembro conmemórase o día mundial da non violencia contra as mulleres, e diante desa xornada é obrigada a reflexión e a reactivación do compromiso de loita contra a violencia de xénero, ún dos problemas sociopolíticos máis importantes do noso país, e do Estado. Na última década en todo o Estado houbo 700 mulleres asasinadas, e no que vai do 2013 camiñamos cara ás cincuenta. Non existe un perfil concreto de mulleres vítimas de violencia, pois hai mulleres xoves e maiores, do ámbito rural e urbano, sen estudos, con estudos...., con todo a dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia, rachar coa relación que pón en perigo as súas vidas, e a pesares dos esforzos lexislativos dos últimos anos estamos a ver como o desmantelamento de servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres, afectando gravemente á súa vulnerabilidade perante a violencia. Nestes momentos de dificultades económicas é cando as administracións deben manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas, e os concellos demandar o cumprimento das súas obrigas ás outras instancias competentes para garantir o dereito das mulleres a vivir sen violencia.

Polo tanto, máis alá da declaración institucional aprobada no último pleno, o BNG propón e insta á adopción dun acordo para demandar do Goberno galego a efectividade e o desenvolvemento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, no sentido de mellorar as axudas periódicas de apoio ás mulleres que a sofren, facilitándolles o acceso, facéndoas efectivas nun prazo mínimo e ampliando a súa duración cando sexa necesario. Pídese por tanto asemade integrar a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria, implantar un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero, garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente nos distintos ámbitos de formación e emprego, e igualmente garantir unha atención xurídica axeitada, permanente e especializada.

E por outra parte, prosegue a concelleira, demándase o apoio para reclamar a posta en funcionamento do Centro de recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia, e igualmente prazas de acollida de emerxencia, coas que contan outras cidades e comarcas de Galicia.

Dona Elvira Cienfuegos defende a seguir a urxencia da moción presentada polo seu grupo relativa ao canon de SOGAMA. Explica que a Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza, atribúen a condición de xestor de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA), sociedade participada no 51% pola Xunta de Galiza.

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon para os concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE. Agora introdúcese nos orzamentos da Xunta a revisión deste canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos, entre eles o de Santiago, subida que haberá que repercutir dunha outra doutra maneira na veciñanza.

Esta proposta de incremento dos custos de tratamento do lixo ven cuestionar as afirmacións de que se trataba da opción con máis vantaxes económicas e dende o punto de vista ambiental. SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores do tratamento do lixo recollidos na Lei 22/2011, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, que de ter en consideración prioritaria, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentable ambientalmente, traduciríase na creación de novos postos de traballo e nunha contención de custos.

Ademais, SOGAMA destina ó enterramento unha porcentaxe significativa do lixo que recolle, como pón de manifesto o elevado incremento anual do vertedoiro de Areosa. Mentres non se aposte por outros modelos, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos, por iso o BNG pretende solicitar do Pleno a adopción do acordo de instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon.
- 2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados.
- 3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo baseado en proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que

posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe que teñen os modelos en funcionamento máis avanzados.

Don Rubén Cela pasa seguidamente á defensa da urxencia da moción relativa á paralización da venda de Novagalicia Banco, coa pretensión de que se devolvan todos os cartos ás persoas estafadas polas participacións preferentes antes de venda da entidade. Nese sentido, o que o BNG propón é que a Corporación Municipal inste á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco, para que todas esas persoas adquirentes de preferentes ou obrigas subordinadas das distintas caixas de aforros poidan recuperar de xeito inmediato a totalidade dos seus aforros. A proposta de acordo contempla tamén que a Xunta demande do FROB a paralización da decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza, e polo tanto, que debe ter os centros de decisión aquí, porque é unha parte fundamental para o aforro galego e para os sectores produtivos do país. Outra opción sería que Novagalicia Banco continúe como banco galego independente, ou se deba converter nun xérmolo dunha banca pública galega, sobre todo se temos en conta que xa se gastaron nove mil millóns de euros de diñeiro público no rescate desta entidade.

Con esta moción o BNG pretende expresar a súa preocupación sobre a situación que atravesará Novagalicia Banco e as posibles consecuencias prácticas que poderían ter en Santiago, relativas a unha eventual perda de postos de traballo na cidade, a un futuro incerto nas infraestruturas culturais, como o auditorio do Preguntoiro ou as instalacións da Praza de Cervantes, da rúa do Vilar ou da Carreira do Conde, así como da propia obra cultural e obra social que pode quedar afectada, dende o museo do pobo galego a multitude de actividades sociais, deportivas ou festivas, ademais da concesión de créditos para as pequenas e medianas empresas da nosa cidade.

O BNG por tanto non pide nada máis e nada menos que o que defende o Partido Popular en Madrid para Bankia, pois ó igual que entende que Bankia é sistémica para España, o BNG entende que Novagalicia Banco é sistémica para Galiza, e para centralizar o aforro dos galegos e galegas.

A venda anunciada significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes despois de destinaren eses máis de nove mil millóns de recursos públicos para o seu saneamento, porque a venda en réxime de poxa só permitirá recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido. Se o prazo para a súa venda remata en 2015, non entende o concelleiro a qué ven tanta présa por vendela agora, e a quen beneficia esa venda. Isto dá para reflexionar, sobre todo en base aos últimos datos achegados pola propia entidade financeira, de máis de sesenta millóns de beneficio no que vai de ano, que multiplican por cinco as estimacións iniciais, ou que ten unha débeda amortizada a maioristas de máis de 900 millóns de euros só no mes de setembro, e coa previsión de

amortizar no curto prazo máis de mil millóns de euros co Banco Central Europeo por adiantado.

Rematada a exposición, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración das mocións formuladas polo grupo municipal do BNG transcritas ao inicio do asunto que levan os números 2, 3 e 4.

Seguidamente, Don Francisco Reyes defende a urxencia da toma en consideración da moción do grupo socialista relativa á unidade de transplantes. Di que no ano 2011, segundo a última memoria publicada pola oficina galega de coordinación de transplantes, 1.367 pacientes recibiron un órgano ou un tecido en Galicia. A taxa de doantes de órganos, en 2011 acadou 31,2 doantes por millón de habitantes, mantendo cifras por enriba de calquera país de Europa, Latinoamérica ou EEUU.

No ano 2011, entre o CHUS e o CHUAC realizáronse 146 transplantes de ril, 80 transplantes de fígado e 11 de páncreas. O CHUS, ademais, realizou en 2011, 411 transplantes de proxenitores hematopoiéticos e 1.355 implantes de córneas. O total dos custos estimados da obtención de órganos e os transplantes en España é de 130.000.000 de euros, é dicir, un 0,5% do total do orzamento consolidado sanitario para todo o Estado. Recentes estudos publicados pola ONT amosan que o número de persoas que morren en lista de espera por un corazón, fígado ou pulmón fluctúa entre o 15% e o 30%. A Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do SNS do Goberno do PP de Mariano Rajoy iniciou un proceso de revisión dos criterios de planificación das unidades de transplantes, actualizando os publicados no ano 1996. Esta revisión supón a redución do número de hospitais onde se realizan transplantes, dado que modifica os criterios de planificación da actividade realizada por millón de habitantes a un criterio demográfico.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE solicita do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- O Concello de Santiago manifesta o seu apoio aos traballadores e as traballadoras do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) na súa defensa dun sistema de saúde público, gratuíto e universal.
- 2.- O Concello de Santiago insta ao Ministerio de Sanidade do Goberno do Estado a paralizar o plan de reestruturación dos Equipos Hospitalarios de Transplantes.
- 3.- O Concello de Santiago insta á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a deseñar un plan autonómico de transplantes que constituía unha verdadeira aposta polo

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago en materia de transplantes mediante a potenciación ao máximo da súa actividade.

4.- Por último, trasladar o presente acordo á Xunta de Persoal e representantes sindicais do CHUS, e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

María Gómez Bugallo defende seguidamente a moción do grupo socialista relativa á creación da senda verde Santiago-Oroso, debido a que as vías verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa cidadanía unha cultura de ocio e de deporte ao aire libre, dunha mobilidade ecolóxica que representa un claro apoio á cultura da bicicleta, e facilitaría o disfrute das persoas con problemas de mobilidade. Dita vía habería que dotala de servizos ao longo do percorrido, o que é posible dado que hai varias estacións de tren en desuso. Habería para iso que negociar con ADIF a cesión das estacións que se atopan no trazado para poder dar servizos aos usuarios da senda, que incluso se podería destinar tamén para usos culturais.

Engade a concelleira que terían que sumarse ao proxecto a Deputación Provincial, a Xunta de Galicia, o Goberno Central, e como non, Europa, para costear a súa posta en valor. Este itinerario, xa sen raís nin travesas, seguiría en paralelo a unha parte do cauce do río Sionlla, e outra ó Lengüelle, co que se abriría unha zona de gran beleza paisaxística e de interese medio ambiental. A vía verde suporía para os concellos percorridos un empurrón turístico e reactivaría a economía nas diversas parroquias. Esta é unha grande e fermosa oportunidade de facer posible a aposta polo turismo verde da que falaba hai uns meses Dona Reyes Leis.

En atención ao exposto, o grupo socialista pide que non se rexeite a proposta simplemente por vir da oposición, pois tamén aquel cando ten que dar a razón ó goberno nalgunha das súas decisións non lle doen prendas en facelo.

Neste momento procédese á votación sobre a urxencia na toma en consideración destas dúas mocións presentadas polo grupo socialista, que é rexeitada ó obter 10 votos a favor dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

Pásase seguidamente ao debate do contido da moción relativa á marea negra do Prestige, e D. Rafael Vilar explica que o 13 de novembro deste ano, tras once anos de dilatado proceso xudicial, coñecía-se a sentenza do caso Prestige, unha sentenza incomprendible e inxusta que exonera de culpa aos responsables dunha das maiores catástrofes ecolóxicas coñecidas polo verquido de hidrocarburos. O BNG pensa que si existen responsables, porque si existiu unha marea negra, por certo a cuarta nos últimos 40 anos, á que habería que sumar outros sinistros que padeceu o litoral galego con contaminación mariña, como o caso do buque Casón.

Pensa o concelleiro que había responsables, en primeiro lugar, de que o Prestige navegase en precarias condicións provocando un accidente marítimo, e aí sinala á casa armadora, á aseguradora, á sociedade de clasificación, etc, pero hai tamén responsables que teñen que ver coas actuacións gubernativas, negligentes e incompetentes que agravaron as consecuencias dun sinistro xa grave por si.

Os responsables foron exonerados penalmente, declarados non culpables dun delito ecolóxico que non se pode negar, e de feito a propia sentenza recoñece en primeiro lugar que si houbo un vertido de 63 mil toneladas de fuel ao mar e 14 mil máis que quedaron nos restos afundidos do buque.

Tamén houbo que recoller 170 mil toneladas de residuos, e aquí hai que salientar a impagable labor realizada polos voluntarios/as e as xentes do mar, que se adicaron a limpar o chapapote coas súas máns, dando unha auténtica lección de dignidade naqueles momentos ante a traxedia, ante a catástrofe, suplindo, dende logo, o desleixo das administracións, que mostraron naquel momento a máis absoluta deixadez ante aquela marea negra.

Foron igualmente afectados case tres mil quilómetros de litoral, 1.500 do litoral galego, e boa zona do Cantábrico, e 1.137 praias, e hai estudos que sinalan a morte dunhas duascenas mil aves mariñas, polo tanto o dano ecolóxico foi tremendo, afectándose ademais diferentes espazos naturais, algúns de especial valor, como o parque natural das Illas Atlánticas. Ao seu tempo, o dano social resultou terrible, terrible a alarma provocada nos habitantes das zonas costeiras, e terrible tamén que a xente ligada ás actividades pesqueiras e marisqueiras tivese un futuro incerto durante meses, porque estivo máis de seis meses parada toda a actividade pesqueira e marisqueira en boa parte do litoral galego.

A valoración que fai o grupo municipal do BNG desta sentenza emitida pola Audiencia Provincial da Coruña é que é un auténtico desatino, que deixa en desamparo ao litoral galego, e cómpre lembrar que corenta mil buques pasan ao ano por diante do dispositivo de separación de tráfico marítimo de Fisterra, e deses corenta mil, uns doce mil levan transporte de mercadorías perigosas, por tanto o risco potencial de novos accidentes marítimos é alto; as contas dín que cada dez anos sufrimos ún, polo tanto, como dixo no seu día a plataforma de Nunca Máis, xa comezou a conta atrás para o ano da catástrofe ambiental por unha marea negra.

Para o BNG, a mensaxe implícita na sentenza é perigosísima, pois supón proclamar o de “veñan contaminar as costas galegas, que sae de balde”, e tamén sae de balde xestionar ambientalmente dende a incompetencia e dende a deixadez, cos responsables políticos de cacería, outros negando a existencia da marea negra, e así. Cheas están as

hemerotecas daquel completo desatino por parte dos gobernantes, que non atenderon en ningún caso a criterios técnico-científicos que avaliasen as súas decisións políticas, dende logo moitas delas erróneas, que axudaron a agravar a catástrofe.

Polo tanto, o seu grupo presenta a moción facendo un chamamento en tres direccións:

A primeira supón un chamamento a mobilizarse contra a sentenza, expresar a indignación ante a impunidade coa que saen os responsables deste accidente, transformado en catástrofe, e polo tanto, faise un chamamento a manifestarse o día 1 de decembro nas sete principais cidades de Galiza, e en concreto, tamén aquí en Santiago de Compostela, ás doce da mañá dende a Alameda.

En segundo lugar, faise un chamamento a esgotar as vías xudiciais a través dese recurso de casación que se pode presentar ante o Tribunal Supremo, e así o vai facer e así o anunciou a Plataforma Nunca Máis, coa vista posta ademais en Estrasburgo, porque seguramente non se encontre no Estado español a xustiza necesaria para xulgar este caso, e así o anunciaron tamén, tras sentida presión da cidadanía, o Ministerio Fiscal e máis a Xunta de Galicia.

E por último, o BNG fai un terceiro chamamento con esta moción para que se desenvolvan actuacións no que ten que ver coa seguridade, coa protección do litoral, que impidan un novo Prestige, e que lle dean o verdadeiro significado a ese berro unánime da sociedade galega que foi “Nunca Máis”.

Dona María Angeles Gómez Bugallo, pola súa banda, manifesta que o PSdeG considera que despois do dano ambiental, económico, social, infrinxido a Galicia pola catástrofe do Prestige, nin a cidadanía, nin as distintas administracións poden permanecer impasibles, pois resulta necesario saír a defender a Galicia, e para iso a Xunta debe promover todas as actuacións ao seu alcance para cando menos recuperar o dano económico que produciu aos galegos e galegas, porque o dano ambiental nunca chegou a calcularse.

O Presidente da Xunta de Galicia anunciou o recurso de casación ante o Tribunal Supremo, recurso que debe procurar o resarcimento económico tanto de particulares como da propia Xunta, e que cando menos deberá buscar a responsabilidade civil e o resarcimento de arredor de 2.500 millóns de euros que segundo un informe pericial corresponden a Galiza.

Os socialistas -prosegue a Sra. Bugallo- consideran que a catástrofe non pode quedar impune, e que a sentenza, que vai contra Galiza, é socialmente inxusta e provocou a indignación da sociedade galega, e o que non poden permitir é que se hoxe se produce

outra catástrofe das mesmas características, as consecuencias volvan a ser iguais, xa que non se ten cambiado nada, nin se ten protexido ó noso litoral ante posibles catástrofes.

O grupo socialista presenta así unha emenda ao cuarto punto da moción presentada polo BNG, que quedaría redactado como segue:

“Instar á Xunta de Galiza e ao goberno central, a que se exerza o control e inspeccións dos barcos que recalcan en portos galegos e os que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra de maneira conxunta e en base a parámetros consensuados co goberno autonómico, así como na planificación e operacións de salvamento marítimo e na loita contra a contaminación da costa galega.”

Intervén agora Dona María Pardo, que di que fai once anos, o 13 de novembro de 2002, todos nos sobresaltamos ante a noticia de como un mercante se encontraba en situación de emerxencia fronte ás costas de Fisterra. O pobo galego é ben coñecedor da perigosidade das nosas costas, que albergan restos de naufraxios dende fai séculos, ao ser, non en vano, unha das principais rutas marítimas mundiais. Ate o de agora, os medios materiais para facer fronte a estes casos foron polo xeral escasos, e durante boa parte do século XX se limitaron a unha extensa rede de faros, moitos deles nos lugares máis pintorescos do noso litoral.

As noticias que chegaban aquel día de novembro foron se acaso máis alarmantes, ao coñecer que o mercante se trataba dun grande petroleiro, cunha vía de auga, e alonxado aínda da costa. Pese a este alonxamento, en seguida regresaron á memoria os sinistros doutros petroleiros como o Urquiola, o Casón ou o Mar Egeo, por citar tres coas súas nefastas mareas negras. Para a concelleira, este foi o primeiro temor entón, e preguntouse se teríamos unha marea negra, a que rías afectaría, que se podía facer co barco no medio do temporal e se chegaría a refuxio intacto. Estas preguntas, todas de sentido común, de seguro que estiveron naqueles momentos na mente de todos, pero a súa resposta, non sinxela, segue a ser controvertida hoxe en día.

Dende a perspectiva de fai máis de dez anos, debemos congratularnos da marea branca de solidariedade que tan efectiva foi para limpar as nosas costas do fluído que chegou a elas tras o fundimento final do Prestige, e non hai que deixar de agradecer a todos aqueles voluntarios vidos de todos os rincóns de España o seu desinteresado esforzo, que nos permite hoxe disfrutar a todos das nosas costas, das nosas rías, e da riqueza da súa biodiversidade.

Prosegue dicindo a concelleira que unha vez máis os españois fomos capaces de converter unha traxedia nun emocionante exemplo de entrega e solidariedade cívica, orgullo de todos; pero tamén as autoridades e os servizos de emerxencia que tiveron que

facen fronte a aquela situación, merecen dende a perspectiva de hoxe unha parte do recoñecemento, pois deron o mellor de si mesmos para solventar o desastre sobrevido.

A moción que se debate hoxe trae causa inmediata da sentenza da Audiencia Provincial de A Coruña, recentemente coñecida, que non declara responsabilidade penal polo delito de dano ecolóxico, dificultando o resarcimento ao Estado dos gastos investidos na recuperación do litoral polos danos causados polo fundimento do Prestige.

O grupo municipal popular, dende o máximo respecto á xustiza -que parece que non ten o Sr. Vilar, xa que non vai encontrar xustiza no Estado español, non sabe a concelleira se o concelleiro do BNG está acusando de que a xustiza esta politizada-, lamenta que tras anos de instrución, a sentenza non tivera declarado responsables criminais desta traxedia. Cómpre resaltar que a Xunta de Galicia e o goberno central xa anunciaron a presentación de sendos recursos de casación ante o Tribunal Supremo contra a sentenza da audiencia, decisión que persegue como obxectivo principal conseguir o resarcimento dos danos ocasionados ao noso litoral, pois quen contamina debe pagar.

Para a concelleira, da sentenza coñecida destacan dous elementos fundamentais, o mal estado do barco e a xestión política da crise. Así, o Tribunal declarou probado o mal estado de conservación do barco, e esta é unha convicción fundamental que sinala aos verdadeiros responsables da traxedia, principalmente á clasificadora non imputada na causa dificilmente se lle pode achacar o mal estado de navío, ou por exemplo ao xefe de máquinas ou ao capitán. É importante recordar que España xa pleiteou contra a clasificadora nos Tribunais estadounidenses, esixindo mil millóns de euros de indemnización, demanda que foi desestimada, pero iso non debe impedir seguir denunciando e perseguir ó responsable de poñer en marcha a máquina flotante con cincuenta mil toneladas de hidrocarburos en medio dun temporal.

No plano político, a sentenza establece claramente que o goberno tomou decisións razoadas e razoables no momento no que se tomaron, e que o curso do alonxamento se atopaba dentro dunha marxe de seguridade aceptable, unha vez consideradas todas as opcións. A administración española non provocou o sinistro, senón que o xestionou con profesionalidade e adecuación en condicións moi desfavorables. Sen dúbida estas afirmacións do Tribunal non aplacarán aos colectivos, que entón e agora intentan manipular dende o extremismo á sociedade galega, co único obxectivo de obter un crédito electoral dunha catástrofe.

Neste sentido, a plataforma coñecida como “Nunca máis” queda completamente desautorizada no seu intento de responsabilizar ao goberno da catástrofe, e aparece claramente como o que xa se lle anunciou no seu día, un brazo político do nacionalismo radical, que únicamente persegue o obxectivo de desestabilizar ao goberno e ás institucións, na búsqueda do seu afán independentista, dende a convicción íntima que

lles une ao Bloque Nacionalista Galego e ós seus varios extinguidos, de que o fin xustifica os medios, e calquera é válido para subvertir a expresión democrática dos cidadáns, sempre que sirva para os seus obxectivos revolucionarios. Aplican o de todo sexa pola revolución marxista proletaria, e só neste sentido se pode entender a nova asunción de competencias para a Xunta de Galicia que traen os señores do Bloque Nacionalista Galego como moción a este pleno, en materia de salvamento marítimo, materias reservadas ao goberno da nación, de España, como prevé a Constitución e o Estatuto de Autonomía. Afirmo a concelleira que este pleno non é o órgano para impulsar modificacións da Carta Magna que todos os españois nos concedemos en 1978, e que é a máxima expresión da nosa unidade, da soberanía nacional, e garantía dos nosos dereitos. Neste campo, Galicia executa a lexislación estatal, como se comprobou, e con respecto aos convenios internacionais, que son subscritos polos Estados, non polos plenos das corporacións locais.

Ademais, por se o dito fora pouco, a Sra. Pardo opina que a mellor fórmula para fomentar o salvamento marítimo, e a loita contra a contaminación, aspecto fundamental para Galicia, radica na coordinación co Estado, quen a súa vez o debe facer con organismos supranacionais, porque os mares son de todos, e as nosas costas estarán así mellor defendidas, na medida na que sexamos capaces de articular a integración e coordinación dos esforzos de moitos co apoio e garantía dos estados veciños.

Para concluír, lamenta a concelleira a oportunidade perdida de non encontrar un acordo unánime deste pleno, o que si tería sido posible de non ter mantido o Bloque Nacionalista Galego a súa insistencia en revestir sempre dun tinte revolucionario e independentista calquera moción que trae ao pleno, motivo que leva ó grupo popular a rexeitar a súa moción.

En canto á emenda do PSOE, non alcanza a comprender a Sra. Pardo a ambigüidade na que soen moverse, e pídelles que se definan, que suban ou baixen a escaleira, e que por favor non pregunten que escaleira.

Don Rafael Vilar toma de novo a palabra, e comeza agradecendo ao grupo municipal socialista o apoio parcial que fai a esta moción, pero indica que o BNG non pode asumir a súa proposta de modificación dun dos puntos do acordo, en concreto o que se refire ás transferencias a Galicia, pois esa é unha reivindicación histórica coñecida do Bloque Nacionalista Galego ante o historial de sinistrabilidade alto que soportan as nosas costas, non só no que teña que ver con verquidos de hidrocarburos senón polos accidentes marítimos.

Lembra o concelleiro ademais que esta petición do traspaso de transferencias, que non é algo altamente revolucionario precisamente, estaba tamén contido no manifesto fundacional da plataforma “Nunca Máis”, que dou pé á grandísima mobilización do día

1 de decembro e que foi asinada por máis de 300 colectivos. Por tanto, o Bloque Nacionalista Galego nin vai traicionar o seu ideario, nin dende logo vai ser desleal ás propostas da plataforma “Nunca Máis”. Indica tamén que nese sentido, no que ten que ver co traspaso de competencias, aínda camiñamos cara atrás, porque hai uns anos o CEPRECO, centro de prevención e loita contra a contaminación mariña, estaba na Coruña, e agora foi trasladado a Madrid, e como todo o mundo sabe, Galiza ten 1500 quilómetros de costa, non coñece o concelleiro cantos terá Madrid, extremo que debe saber a señora Pardo.

Por outra banda, a clasificadora, á que a plataforma Nunca Máis quixo imputar, non está sentada no banquillo por decisión do Ministerio Fiscal, pois foi o goberno de España quen non a quixo sentar, tirando os cartos ao que o concelleiro denomina “aventura americana”, en Estados Unidos, nun pleito civil que tiña perdido de antemán.

No tocante á responsabilidade pola xestión, pensa o concelleiro que vai máis aló do que diga a sentenza, que tilda a aquela de confusa e difusa, aínda que no fallo non chegue a ningún tipo de acusación nin condena, pero dende logo abre unha perspectiva de que non foi esa magnífica xestión que sinalou a Sra. Pardo, senon que foi nefasta, aínda que a sentenza exonere aos responsables.

Polo que atinxe ao movemento “Nunca Máis”, non pode identificalo a concelleira co BNG, que só supón un grao de area, dende a súa responsabilidade como forza política que opera neste país, no seu seo, pero “Nunca máis”, eran ducias e ducias de confradías, eran organizacións ecoloxistas, eran organizacións sociais de todo tipo, eran xentes da cultura, etc., etc., eran, en definitiva, máis de 300 colectivos, agrupados fundamentalmente entre os anos 2002 e 2005, que desenvolveron un importante papel ante as institucións galegas, españolas e europeas, e se hoxe non pasan buques monocasco como o Prestige diante das costas galegas, en boa parte é pola presión social que exerce o movemento “nunca máis” e que o demandou en Europa.

Finalmente o concelleiro pregunta se a Sra. Pardo coñece quen é Uriana Mella, e explica que foi unha loitadora antifascista e anarquista, nacida en Vigo e feminista, pero dou nome a un buque, ao primeiro buque anticontaminación que tivemos no ano 2009, e este buque está na actualidade facendo bunkering na ría de Ferrol, práctica consistente no trasvase de fuel no medio da ría. Por certo, o Sr. Arias Cañete, critica que o buque faga bunkering fronte a Xibraltar e non critica que se faga na ría do Ferrol. O antigo buque anticontaminación Uriana Mella, hoxe para a empresa cepsa está facendo bunkering na ría de Ferrol, e en definitiva esas son as medidas postas para evitar outra catástrofe.

Para Dona María Gómez Bugallo, que fala a continuación, ninguén vai convencer á sociedade galega da inocencia dos gobernantes que converteron o accidente nunha catástrofe. Por outra banda, di que a Sra. Pardo debe ter un pouquiño de coidado nas

súas manifestacións, porque a plataforma “Nunca Máis”, como dicía o compañeiro do BNG, é un movemento social, que tamén sacou á rúa a xente que vota ó PP, porque estaban indignados polo que tiña ocorrido nas costas galegas. Solicita seguidamente a concelleira que dado que non foi admitida a emenda, se proceda á votación por separado de cada ún dos puntos da moción.

Responde Dona María Pardo que o movemento “Nunca Máis” naceu con boa intención, pero foi unha mágoa que se politizase. Indica a concelleira que ela afiliouse ao Partido Popular xusto despois dunha desas mobilizacións.

Explica que foi Loyola de Palacio a primeira que defendeu a revisión dos buques que pasaban por diante das costas na Comisión Europea, e a distancia á que o facían, e pregunta ónde estaba “Nunca Máis” nos incendios do ano 2005. Sen dúbida, o máis importante é coñecer que fixo Galicia dende o Prestige, pois algúns limitáronse a gardar as banderolas para sacalas once anos despois e repetir os mesmos lemas e consignas. Galicia sen embargo non quedou de brazos cruzados, senon que aprendeu, actuou, e investiu para evitar que estas traxedias se volvan producir, ou no caso máis desafortunado, para paliar os seus danos. Dende entón incorporáronse novos medios materiais, como os dous buques García Nodal e Sebastián Docampo, preparados con distintas medidas anticontaminación, subscribiuse un convenio coa Axencia Europea de Seguridade Marítima para a incorporación de novos medios ao noso buque Ría de Vigo, dotado tamén con sistemas anticontaminación, e dispoñemos en Cambados dunha nave loxística de almacenamento de materiais para a loita contra a contaminación, e de contedores en todos os portos.

Ademais, Galicia elaborou un plan de continxencias que permite unha mellor cobertura en situacións de emerxencia, unha resposta máis áxil e coordinada, unha loita máis eficaz ante un episodio de contaminación mariña, simplificando os órganos de resposta, á vez que cumpre as directrices establecidas polo Estado no sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña. Pasados once anos do accidente conséntase a recuperación plena das nosas costas, incrementándose a explotación pesqueira do litoral con capturas que alcanzaron este ano, ata o 12 de novembro. 142.500 toneladas de diversas especies, fronte ás 117.000 toneladas do ano 2002.

Menciona tamén a concelleira a importante inversión en infraestruturas que supoñen os portos exteriores, que non só dinamizaran o noso comercio marítimo, senón que ademais son un elemento fundamental na protección ecolóxica dun dos ecosistemas atlánticos máis ricos, as nosas rías.

Finalmente, a Sra. Pardo aconsella aos seus compañeiros do BNG que garden as banderolas e empleen o seu inxenio e enerxía en traballar polo ben de Santiago e de

Galicia, como fai o Partido Popular, non para botar a ninguén, senón para traballar polos cidadáns.

Pecha o debate deste asunto o Sr. alcalde, que di que unha vez máis se fai evidente a falta de coherencia de cando un goberna e non goberna. Pregunta ao sr. Vilar seguidamente onde estaba cando ocorreu a traxedia do Casón e gobernaba na Xunta o Partido Socialista, e onde estaban daquela os gobernantes que sacaron á poboación en setecentos autobuses, provocando accidentes pola estrada de Vimianzo cara a Santiago e creando histeria e pánico colectivo en toda Galicia, levando a Alúmina-aluminio bidóns, e paralizando a súa central. Tamén lembra o Sr. Alcalde o que pasou en Guitiriz cos bidóns de sosa, ou os incendios que no ano 2006 arrasaron Galicia, momento no que gobernaba o Bloque, que non fixo nada, malia ser o ano de máis queima en toda a superficie forestal de Galicia.

Seguidamente di o Sr. Currás que a instrución de todo o expediente do Prestige se fixo por uns señores do PSOE, co señor Zapatero en Madrid, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, alí e en Europa. Ogallá non ocorra outra traxedia semellante, porque de pasar, o Sr. Alcalde preguntará ao sr. Vilar: pero isto non o tiña arranzado “Nunca Máis” e o bloque nacionalista galego?

Rematado o debate, procédese á votación por separado de cada ún dos puntos da moción formulada polo BNG, e o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita-los puntos que levan os números 1, 2, 3 e 5 da moción presentada polo BNG contra a impunidade da marea negra do “Prestige” e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galicia.

b) Por 3 votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, e 20 en contra, dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e popular, rexeitar os puntos que leva o número 4 da moción presentada polo BNG contra a impunidade da marea negra do “Prestige” e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galicia.

Non sendo outros os asuntos a tratar, o Sr. alcalde pecha a sesión ao fío das vinte horas e trinta minutos. Dou fe.